

# **PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL**

**CRA DE CULLEREDO  
CURSO 2023/2024**

## **ÍNDICE**

1. Datos xerais do centro
  - 1.1. Identificación
  - 1.2. Situación e contorna do centro
  - 1.3. Localización das escolas e dependencias
  - 1.4. Persoal docente
  - 1.5. Matrícula do centro
2. Obxectivos
3. Medidas a desenvolver para o logro dos obxectivos.
4. Estratexias metodolóxicas e organizativas da atención ó alumnado con NEAE.
5. Materiais curriculares
6. Calendario escolar, xornada escolar e horario do centro.
  - 6.1. Calendario escolar
  - 6.2. Xornada escolar
  - 6.3. Criterios pedagóxicos para a elaboración dos horarios
  - 6.4. Horario lectivo xeral do centro
  - 6.5. Horario non lectivo de obrigada permanencia no centro
  - 6.6. Quendas e vixianzas do recreo.
  - 6.7. Horario de atención ó público
7. Estrutura orgánica do centro
  - 7.1. Órganos de goberno
    - 7.1.1. Órganos de goberno unipersoais
    - 7.1.2. Órganos de goberno colexiados
  - 7.2. Órganos de coordinación docente

8. Plan de actuación para a potenciación e organización da relación coa comunidade escolar.
  - 8.1. A participación da comunidade educativa
  - 8.2. Vías de comunicación entre familia e escola
9. Plan de actuación da dirección do centro.
10. Plan de actuación no ciclo de educación infantil.
  - 10.1. Obxectivos e actuación
  - 10.2. Período de adaptación e coordinación co centro adscrito
  - 10.3. Atención educativa
11. Addenda do Proxecto Lingüístico
12. Plan anual de actividades complementarias e extraescolares.
  - 12.1. Conmemoracións
  - 12.2. Saídas e actividades culturais
13. Plan anual de lectura
14. Plan anual de traballo de biblioteca
15. Plan de introdución ás Tecnoloxías da Información e Comunicación e Plan dixital do centro.
16. Plan de actuación na prevención e na estimulación da linguaxe oral.
17. Plan Proxecta: Proxectos de vida activa e deportiva (PVAD)
18. Plan de actividade física e hábitos saudables
19. Plan de Formación Permanente do Profesorado (PFPP)
  - 19.1. Introducción
  - 19.2. Liñas de traballo
  - 19.3. Obxectivos
20. Plan de benestar
21. Plan xeral de avaliación do centro



## 1. **Datos xerais do centro**

### 1.1. Identificación

- Nome: CRA de Culleredo
- Enderezo: Rúa Bo Home S/N
- Localidade: Almeiras
- Concello: Culleredo
- Código do centro: 15032480
- Correo electrónico: cra.culleredo@edu.xunta.gal
- C.I.F.: Q1500305F
- Teléfono: 981 662 094

### 1.2. Situación e contorna do centro

O centro no que nos situamos denomínase CRA (Centro Rural Agrupado), esta tipoloxía de centro basease na agrupación administrativa de diferentes escolas situadas nun contexto rural, con fin de ter unha estrutura organizativa común e poder compartir recursos materiais e humanos. Este tipo de centros teñen infinitas vantaxes, dende a riqueza das interaccións entre nenos e nenas de diversas idades, pois as aulas son mixtas; ata a atención individualizada do alumnado grazas á ratio existente nas escolas; así como a calidade da contorna onde se sitúan, no que a natureza é a gran protagonista.

As diferentes escolas que forman este CRA están situadas no Concello de Culleredo, o cal delimita ó sur con Carral, Cerceda e Laracha, ó oeste con Arteixo e polo este con Cambre. A meirande parte da poboación do concello adícase á industria establecida no propio concello de Culleredo ou no concello de A Coruña pola súa proximidade, aínda que tamén ó comercio e ó sector servizos. Sen embargo, aínda ten bastante importancia a agricultura e a gandería, pois a contorna das escolas é principalmente rural.

### 1.3. Localización das escolas e dependencias

O CRA de Culleredo, no presente curso escolariza a 61 alumnas e alumnos divididos nas escolas de A Choeira (conta con dúas unidades), Ledoño, Sésamo e Vinseira. As cinco aulas do centro son mixtas e escolarizan alumnado de 4º, 5º e 6º de Educación Infantil. O centro ao que estamos adscritos é o CEIP Plurilingüe de Tarrío. A continuación veremos tanto a localización como as dependencias de cada unha das escolas.

- **Escola de “A Choeira”:** Situada en Almeiras, que se localiza no noroeste do Concello de Culleredo. Consta de dúas unidades de educación infantil con agrupamento mixto. Configúrase como a Sede do CRA de Culleredo. Neste edificio atópase a sala de mestres e mestras onde se



levan a cabo as diferentes reunións, o despacho de dirección, a biblioteca, configurada como banco de recursos polas características propias deste tipo de centros, un pequeno almacén, dúas aulas, un baño para o alumnado e un baño para o profesorado. O exterior da escola conta con dúas zonas ben diferenciadas, a parte superior que ten unha zona verde e unha pista e a inferior unha área de xogos e un areeiro.

▪ **Escola de Ledoño:** Situada na parroquia de Ledoño. Localízase no val de Veiga, regado polo río Valiñas, afluente do Mero; río que forma a Ría do Burgo. Delimita ao norte con Orro, ao sur con Veiga e Celas de Peiro, ao este con Sésamo e ao oeste con Veiga. Esta escola conta cunha aula con baños para o alumnado e unha estancia para o almacenaxe do material, así como un pequeno espazo dedicado á titoría. Esta escola dispón dun patio cunha gran pista de fútbol cuberta o que permite o desenvolvemento de múltiples actividades.

▪ **Escola de Sésamo:** Emprázase na parroquia de Sésamo, situada embaixo do monte de San Cosme e está dividida nos lugares de O Casal, Cillobre, Cornedo, As Naveiras, Outeiro de Abaixo, Outeiro de Arriba e Silvar. Delimita ao norte con Culleredo, ao sur con Celas de Peiro e Sueiro, ao este con Sigrás e Anceis e ao oeste con Ledoño e Orro. Esta escola dispón dunha aula na planta baixa con baños para o alumnado e un pequeno espazo de almacenaxe. Na planta superior conta cunha segunda aula utilizada nos desdobres, dúas estancias de almacenaxe de material, un despacho e un baño para o profesorado. Esta escola dispón dun patio cuberto de herba e árbores, unha pequena horta, un areeiro e unha área de xogos.

▪ **Escola de Vinseira:** Emprázase en Vinseira Pequena, na parroquia de Celas, no extremo sur do municipio de Culleredo; podendo disfrutar dun entorno privilexiado con vistas o Monte Xalo e moi preto da Torre de Celas de Peiro, restos da antiga Fortaleza de Vinseira, ben de interese cultural. Esta escola consta dunha aula con baños para o alumnado na planta baixa. Na planta superior atópase unha segunda aula utilizada para impartir Audición e Linguaxe e Atención educativa. Así mesmo conta cun despacho e tres estancias de almacenaxe de material e un baño para o profesorado. A escola dispón dun patio con areeiro, unha pequena horta, un área de xogos e unha pista.

As escolas teñen unha distancia entre elas de entre 10 e 3 km, o cal facilita a realización de actividades convxuntas. Así mesmo, cómpre destacar que todas elas cumplen coas medidas e requisitos mínimos establecidos no *Real Decreto 132/2010, do 12 de febreiro, polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que imparten as ensinanzas do segundo ciclo da educación infantil, a educación primaria e a educación secundaria*.



#### 1.4. Persoal docente

O noso centro tal e como estable a *Orde do 12 de agosto de 2010, pola que se establecen o número de unidades e os postos de traballo docentes dos centros públicos dependentes de esta Consellería nos niveis de educación infantil, primaria e educación especial*, contamos con seis docentes de educación infantil, unha docente de educación musical, unha mestra de lingua estranxeira, unha especialista en educación musical e unha mestra de audición e linguaxe. A maiores acode ó noso centro unha mestra especialista en relixión católica que ten como centro base o CEIP Plurilingüe Vila de Rutis. Dende este ano contamos cunha mestra de educación infantil a maiores dos postos establecidos no catálogo por estar en situación de comisión de servizos por cargo directivo.

Tendo en conta o establecido na *Orde do 28 de xuño de 2010 que modifica parcialmente a Orde do 22 de xullo de 1997, pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil, colexios de educación primaria e colexios de educación infantil e primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria*, a adscripción do profesorado levada a cabo no primeiro claustro celebrado o 1 de setembro de 2023 foi a seguinte:

Carlota Sánchez Paz	Titora da aula 1 de A Choeira	Comisión de Servizos
Mónica López Jul	Titora da aula 2 de A Choeira	Destino definitivo
Susana Rego Domínguez	Titora da aula de Ledoño	Destino definitivo
Beatriz Pablo Torreiro	Titora da aula de Sésamo	Destino definitivo
Guadalupe Ramos Guerreiro	Titora da aula de Vinseira	Destino definitivo
Iván Pena Sánchez	Apoio de educación infantil	Destino definitivo
Tatiana Pintor Fuentes	Apoio de educación infantil	Destino definitivo
Raquel Sánchez Ruiz	Especialista de Educación Física	Destino definitivo
Sandra Carro Ramos	Especialista de Lingua Extranxeira	Destino definitivo
Lorena Pereira Vergara	Especialista de Educación Musical	Destino definitivo
Lorena Méndez Coira	Especialista de Audición e linguaxe	Destino definitivo

### **1.5. Matrícula do centro**

Neste curso 2023/2024 temos matriculados un total de 61 alumnos e alumnas distribuídos da seguinte maneira nas diferentes aulas:

	<b>4º EI</b>	<b>5º EI</b>	<b>6º EI</b>	<b>TOTAL</b>
<b>Aula 1 A Choeira</b>	2	3	6	11
<b>Aula 2 A Choeira</b>	2	4	6	12
<b>Aula de Ledoño</b>	5	6	2	13
<b>Aula de Sésamo</b>	6	9	3	18
<b>Aula de Vinseira</b>	2	2	3	7
<b>Total</b>	<b>17</b>	<b>24</b>	<b>20</b>	<b>61</b>

### **2. Obxectivos**

- **Obxectivo 1:** Comezar a elaborar e actualizar o Proxecto educativo do centro e demais documentos de acordo coa normativa vixente.
- **Obxectivo 2:** Mellorar a funcionalidade dos espazos existentes e xerar novos espazos multidisciplinares tanto no interior como no exterior das escolas.
- **Obxectivo 3:** Conseguir un incremento do número de matrículas cara o curso próximo.
- **Obxectivo 4:** Dinamizar a páxina web do centro e as redes sociais usándoas como canles de comunicación coa comunidade educativa.
- **Obxectivo 5:** Continuar desenvolvendo a avaliación de centro para detectar e mellorar os nosos erros e manter as nosas fortalezas.
- **Obxectivo 6:** Continuar apoiando, respaldando e dinamizando a biblioteca do noso centro.
- **Obxectivo 7:** Promocionar a educación para a saúde entre o alumnado.



### **3. Medidas a desenvolver para o logro dos obxectivos.**

▪ **Obxectivo 1:** Levaremos a cabo unha liña de PFPP adicada a revisión e elaboración da documentación do centro, algo que poderase ver con maior detalle no punto adicado ó Plan de Formación Permanente do Profesorado.

▪ **Obxectivo 2:** Por unha parte en canto a mellora dos espazos cabe dicir que todas as nosas aulas así como as entradas ou corredores están pintados dunha cor neutra, para evitar a saturación e fomentar a paz e a harmonía. Así mesmo tras o desenvolvemento dunha liña do PFPP levada a cabo o ano anterior e grazas ó equipo de biblioteca do noso centro estamos en proceso da renovación do mobiliario das bibliotecas de aula, dando protagonismo as cores neutras, mobles versátiles, etc.

Por outra parte, a partir deste curso escolar comezaremos a facer desdobres nas aulas nas sesións de música, psicomotricidade e lingua estranxeira. Desta maneira aproveitaremos pedagóxicamente todos os espazos das escolas, a entrada na escola de Choeira, os pisos superiores na escola de Sésamo e Vinseira e o gran espazo exterior cuberto que ten a escola de Ledoño.

▪ **Obxectivo 3:** Intentaremos elevar o número de matrículas de cara ó curso que ven a través de diferentes estratexias:

- ✓ Mellorar a conciliación das familias poñendo en marcha un servizo de mañanceiro contando co apoio do Concello de Culleredo e do ANPA do centro.
- ✓ Dar visibilidade ao noso centro a través de diferentes medios como: páxina web, blog, prensa, redes sociais, etc. Ademais, faremos publicidade das nosas portas abertas utilizando todas as ferramentas de comunicación citadas, así como poñer carteis polo concello e concellos colindantes para atraer a diferentes familias.
- ✓ Actualización da páxina web do centro con toda a información dispoñible: documentación organizativa, PE do centro e PXA para que as familias poidan revisalo e coñecer a identidade do centro educativo ao que irá o seu fillo/a. Visibilizar os nosos espazos a través de vídeos ou imaxes, tanto os espazos interiores como os exteriores, pois o entorno das escolas é un dos puntos fortes do centro

▪ **Obxectivo 4:** Seguirase actualizando a páxina web do centro para que sexa unha das principais canles de comunicación entre o centro e toda a comunidade educativa. Do mesmo xeito, os blogues das titorías e das especialidades servirán como medio para dar a coñecer as familias as actividades que se levan a cabo no día a día das escolas. Ademais dos blogues dinamizárase o funcionamento do Instagram do centro para aumentar a nosa visibilidade e darnos a coñecer.

▪ **Obxectivo 5:** Tras dous anos consecutivos levando a cabo unha avaliación do funcionamento do centro e do desenvolvemento das diferentes actividades, considérase que os resultados obtidos



son enriquecedores para seguir mellorando como centro. A avaliación farase a través de formularios online nos que toda a comunidade educativa, tanto o profesorado como as familias poderán avaliar diversos aspectos e facer aportacións que levan á mellora da calidade educativa do centro.

- **Obxectivo 6:** Co obxectivo de poder seguir dinamizando a nosa biblioteca dotarase ó coordinador da biblioteca e ó seu equipo de horas de liberación para poder xestionar os fondos e a atención do servizo. Repartiranse certas tarefas co resto do profesorado dado o volume de traballo que supón, como por exemplo ordenación dos fondos ou forrado de libros. Todas as accións que levaremos a cabo para dinamizar a biblioteca do noso centro aparecerán especificadas tanto no punto 13, como no punto 14 do presente documento.
- **Obxectivo 7:** Fomentaremos a educación para a saúde a través de diferentes accións. Por unha parte a través do Proxecto Documental Integrado de centro do presente curso que leva por título "Sementando Saúde" neste procuraremos facer fincapé en todos os hábitos saudables, como a alimentación ou o exercicio físico. Os obxectivos concretos deste proxecto poderán consultarse no apartado dedicado ó mesmo.

Por outra parte participaremos no Proxecto de Vida Activa e Deportiva (PVAD) pertencente ó Plan Proxecta, concretamente na modalidade Milla Diaria, que ten a finalidade de incrementar a actividade física diaria dentro do horario lectivo. De todos os xeitos poderase ver con detalle no punto 17 do presente documento.

Finalmente, dende este curso começaremos a solicitar as axudas do Fondo Galego de Garantía Agraria (FOGGA), de maneira que durante dous períodos de 10 días daremos pezas de froita ó noso alumnado na hora da merenda de media mañá, así mesmo durante dous períodos de 20 días proporcionarémoslle leite nese mesmo momento. Grazas a esta iniciativa poderemos traballar os diferentes hábitos de alimentación saudable no día a día da escola.

A nivel de aulas faranse diferentes accións como por exemplo: pequenos roteiros pola contorna aproveitando a natureza que nos rodea. Obradoiros de cociña saudable. Traballarase a autorregulación a través de momentos de relaxación na xornada, ó finalizar actividades físicas e como medio de recuperación do benestar emocional, etc.

#### **4. Estratexias metodolóxicas e organizativas da atención ó alumnado con NEAE.**

A concepción da escola como grupo humano implica a aceptación da diversidade do alumnado que, como parte dela, integra e enriquece a tarefa educativa. Esta aceptación da diversidade supón, pola nosa parte, unha análise e unha reflexión sobre o grupo de alumnos e alumnas, así como a aceptación de que cada un deles ten os seus propios intereses, as súas capacidades, necesidades, motivacións e estilos de aprendizaxe.



A escolarización do alumnado con NEAE determiníñase polos principios de normalización e inclusión asegurando a non discriminación e a igualdade efectiva. Estes principios garanten o desenvolvemento de todos e todas, favorece a equidade e contribúe a unha maior cohesión social. A atención á diversidade é unha necesidade que abrangue todas as etapas educativas e todo o alumnado, é dicir, trátase de contemplar a diversidade como un principio e non como unha medida que corresponde ás necesidades duns poucos.

Dito isto, temos en conta que o noso centro ten un grupo de alumnado heteroxéneo, non só polas diferentes idades, senón porque cada quen ten unha bagaxe biolóxica, unhas experiencias, unhas habilidades, etc. Para atender a diversidade contamos có apoio por unha parte do Equipo de Orientación Específico da Consellería e por suposto do Departamento de Orientación do CEIP Plurilingüe de Tarrío ó cal estamos adscritos. A mestra de Audición e Linguaxe do noso centro será unha das canles imprescindibles para comunicarnos con dito departamento de Orientación, tal e como recolle o Decreto 120/1998 do 23 de abril polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para dar resposta a este alumnado, teremos en conta inicialmente as **medidas ordinarias** establecidas dentro do *Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, e a Orde do 8 de setembro de 2021 que ó desenvolve*, así como ós diferentes protocolos educativos publicados no portal da Consellería de Educación. Utilizaremos as seguintes:

- ✓ Modificación do tempo das aprendizaxes.
- ✓ Adecuación da axuda pedagóxica e metodolóxica.
- ✓ Apoios por parte do profesorado especialistas dentro da aula.
- ✓ Desdobramentos de grupos.
- ✓ Adecuación das actividades ás diferenzas individuais do alumnado: duración, disposición, recursos...
- ✓ Establecemento de técnicas de traballo e estratexias que son beneficiosas para o alumnado con NEAE.
- ✓ Elaboración e/ou adquisición de material específico.
- ✓ Realización de actividades que reforcen as aprendizaxes duns (actividades de reforzo) e que amplíen as dos outros (actividades de ampliación).
- ✓ Ademais, o traballo por proxectos e a individualización do ensino fan posible o tratamento de cada neno e nena cos seus intereses, ritmos e necesidades e a comunicación bidireccional entre o claustro e as familias.



Estas medidas levaranxe a cabo podendo contar sempre co asesoramento da mestra de A.L. para garantir un tratamento axeitado a cada necesidade. Así mesmo será fundamental que exista unha coordinación con esta mestra, a cal terá lugar ó longo do curso para tratar calquera aspecto relacionado co alumnado con NEAE, do que se levará a cabo unha avaliación continua que permita establecer si se acadan ou non os obxectivos establecidos ó comezo de curso, podendo ser estes modificados, ampliados, reducidos ou mesmo eliminados.

Por outra parte, as **medidas extraordinarias** son definidas polo Decreto 229/2011 do 7 de decembro como aquelas medidas dirixidas a dar resposta as necesidades do alumnado con NEAE, que poden requirir modificacións significativas do currículum ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículum ou na modalidade de escolarización. Estas medidas aplicaranse sempre que se esgoten as medidas ordinarias.

Dentro da diversidade do noso centro no curso 2023/2024 contamos con 2 alumnos/as con NEE, e 2 alumnos/as con NEAE, polo que é fundamental levar a cabo non so medidas ordinarias senón tamén diferentes medidas extraordinarias. Pois tal e como se establece na *Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, de 7 de decembro*, xa citado: "*un sistema educativo inclusivo e de calidad será aquel que garanta a atención de cada alumna e alumno segundo a súa realidade persoal e social, o que significa que as medidas organizativas, curriculares e a dotación de recursos se adapten ao que cada alumna e alumno precise.*"

A este respecto é importante sinalar que un deles precisa de diferentes recursos persoais e materias dos que non dispoñemos e son fundamentais para a súa correcta atención, como un mestre/a especialista en pedagogía terapéutica e un persoal auxiliar coidador.

## **5. Materiais curriculares**

O primeiro que teremos en conta é que só na medida en que se contan con materiais curriculares abertos e flexibles será posible poñer en marcha un currículum contextualizado ó entorno e poroso as necesidades dos alumnos que é en definitiva como se define o currículum da nosa comunidade autónoma, establecido no Decreto 150/2022 do 15 de setembro.

Polo tanto e partindo desta premisa, os materiais didácticos tradicionais como os libros de texto non serán usados, de forma que será o propio docente quen deseñe os materiais didácticos e curriculares a utilizar. Este material está adaptado as necesidades, ritmos e procesos madurativos do alumnado, así como as súas propias necesidades de aprendizaxe.



## **6. Calendario escolar, xornada escolar e horario do centro.**

### **6.1. Calendario escolar**

O calendario escolar establecese na Orde do 3 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/2024 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia. Polo que a actividade lectiva comenzará o día 11 de setembro de 2023 e rematará, o 21 de xuño do 2024. Os períodos vacacionais son os seguintes:

- Nadal: Dende o día 22 de decembro ó 7 de xaneiro ambos incluídos.
- Entroido: 12, 13, 14 de febreiro
- Semana Santa: Dende o 25 de marzo ata o día 1 de abril, ambos incluídos.

A maiores os días non lectivos escollidos para este curso polos centros educativos do Concello de Culleredo son o día 13 de outubro e o día 20 de maio.

### **6.2. Xornada escolar**

A xornada lectiva do noso centro é de 9.00 a 14.00 horas, cumplindo con todo o establecido na *Orde do 29 de maio de 2008 pola que se establece o procedemento para a implantación da xornada lectiva en sesión única de mañá ou mixta nas EEI, CEIP, CRA, CPI, CEE e centros concertados.*

### **6.3. Criterios pedagóxicos para a elaboración dos horarios**

Á hora de elaborar os horarios do centro tivéronse en conta diversos criterios, por unha parte todos aqueles que veñen recollidos na lexislación e por outra os criterios de carácter organizativo e pedagóxico do propio centro.

A **nivel lexislativo** tivemos en conta todo o recollido na seguinte documentación legal:

- *Decreto 374/1996 do 17 de outubro, polo que se aproba o regulamento orgánico das escolas de educación infantil e colexios de educación primaria.*
- *Orde do 22 de xullo de 1997, pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil, os colexios de educación primaria e os colexios de educación infantil e primaria*
- *A Orde do 23 de xuño de 2011 pola que se regula a xornada de traballo do persoal funcinario e laboral docente que imparten as ensinanzas reguladas na LOE.*
- *Decreto 150/2022 do 8 de setembro polo que se establece a ordenación e o currículum da Educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesta etapa educativa.*



- *Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio de educación.*
- *Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación*
- *A Orde do 30 de maio de 2023 pola que se establece a ordenación e o currículum de educación infantil e se regula a súa avaliación*
- *Resolución de setembro de 2023, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento da organización e o funcionamento das bibliotecas escolares nos centros docentes non universitarios, de titularidade da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, no curso académico 2023/2024.*
- *Circular 10/2008, da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, sobre o profesorado itinerante*
- *Acordo do 18 de febreiro de 2008.*

A maiores tivéronse en conta diversos **criterios** tanto **pedagóxicos como organizativos**:

- Desdobre dos grupos nas especialidades de psicomotricidade, música e inglés, asegurando unha mellora da calidade educativa grazas a atención individualizada. Aproveitando ademais a dispoñibilidade dos espazos das escolas.
- Asegurar a eficacia das substitucións de Mestres e mestras en caso de ausencia.
- Asegurar que as mestras titoras estean acompañados na aula, ben sexa con un especialista facendo un desdobre, ou ben un mestre apoiando na aula un mínimo dun 60% do horario lectivo.
- Procurar que na sesión na que se desenvolve o aseo e a merenda non coincida con ningunha especialidade.
- Procurar na medida en que sexa posible que as titoras sexan as que impartan a maioría das primeiras sesión da xornada lectiva.



#### 6.4. Horario lectivo xeral do centro

Diariamente contaremos cun total de seis sesións, tendo en conta o momento da merenda e recreo. Cada unha das sesión terá unha duración de 50 minutos, sen prexuízo do tempo que necesitan o profesorado itinerantes para desprazarse, que como norma xeral será de 10 minutos.

A continuación amósase a distribución das sesións en relación as horas nas que se levarán a cabo:

1º Sesión: 9:00-9:50

2º Sesión: 9:50- 10:40

3º Sesión: 10:40- 11:30

4º Sesión: 11:30- 12:30 a primeira media hora estará destinada ó aseo e merenda, e a segunda media hora será o momento do recreo.

5º Sesión: 12:30- 13:15

6º Sesión: 13:15-14:00

#### 6.5. Quendas de vixianzas do recreo.

Establécense quendas de recreo nas 4 escolas. Asegurando sempre a ratio dunha persoa por cada 25 nenos e nenas, tal e como establece a normativa. Na escola de Ledoño, Vinseira e Sésamo haberá unha persoa de vixianza. Na escola de Choeira haberá dous mestres, un deles na Zona 1 que é a zona superior do patio onde se encontra a pista e a área axardinada. Por outra parte a Zona 2 onde se encontra o areeiro e a área de xogos.

Os mestres e mestras encargados da vixianza do patio serán os responsables da custodia de ese alumnado no tempo que dura o recreo (12.00-12.30h), polo que en ningún momento poden abandonar a zona asignada.

Os mestres e mestras que non teñen vixianza de recreo, aínda que poden estar no interior do centro non están eximidos da responsabilidade de prestar axuda cando un neno/a require a satisfacción dalgúnha necesidade, xa sexa un golpe, un cambio de roupa ou acompañalo ó aseo.

Todos os mestres do centro terán gardas de patio, non podendo superar nunca máis de 3 gardas á semana, salvo excepcións derivadas de ausencias do profesorado.



## 6.6. Horario non lectivo de obrigada permanencia no centro

O horario non lectivo de obrigada permanencia está establecido os luns de 16:00 a 19:00h. Distribuíndose da seguinte maneira: de 16.00 a 18.00h adicado ás reunións de coordinación dos distintos equipos, do claustro ou do Consello Escolar segundo corresponda. De 18.00 a 19.00 a hora destinada á atención ás familias por parte das titoras.

## 6.7. Horario de atención ó público

O horario de atención ó público, será nas horas destinadas a dirección que son: luns, martes e venres de 13.15 a 14.00h. Para a atención presencial deberá solicitarse cita previa, vía telefónica ou por correo electrónico.

# **7. Estrutura orgánica do centro**

A organización e funcionamento do centro vén dada polo Regulamento das Escolas de Educación Infantil e dos Colexios de Educación Primaria recollido no *Decreto 374/96 e na Orde do 22 de xullo de 1997* pola que quedan regulados determinados aspectos do funcionamento de ditos centros

## 7.1. Órganos de goberno

### 7.1.1. Órganos de goberno unipersoais

Actualmente a directora do centro é Carlota Sánchez Paz, por un período de mínimo catro anos por ter presentado proxecto e resultar aceptado.

### 7.1.2. Órganos de goberno colexiados

#### ▪ Consello Escolar

Directora	Carlota Sánchez Paz
Representantes do Claustro	Iván Pena Sánchez Sandra Carro Ramos
Representantes das familias	María José Durán Domínguez Eva María Sánchez Pardo
Representante do Concello	Cristina Pardo Portos



▪ Claustro

Especialistas en Educación Infantil	Carlota Sánchez Paz Beatriz Pablo Torreiro Guadalupe Ramos Guerreiro Iván Pena Sánchez Mónica López Jul Susana Rego Domínguez Tatiana Pintor Fuentes
Especialista en educación musical	Lorena Pereira Vergara
Especialista en educación física	Raquel Sánchez Ruiz
Especialista en lingua estranxeira	Sandra Carro Ramos
Especialistas en audición e linguaxe	Lorena Méndez Coira

## 7.2. Órganos de coordinación docente

### Equipo de ciclo

As funcións do equipo de ciclo, así como as competencias da coordinadora están recollidas respectivamente nos artigos 54 e 55 do *Decreto 374/1996 do 17 de outubro*. Os integrantes son os seguintes:

Coordinadora: Mónica López Jul

Membros restantes: Beatriz Pablo Torreiro

### Equipo de dinamización da lingua galega (EDLG)

Este equipo terá como función fundamental potenciar a valoración positiva do uso da lingua galega, tanto de forma oral como na escrita, por parte dos distintos integrantes da comunidade educativa, e fomentar o seu uso no centro. As funcións do equipo e do coordinación aparecen recollidas no artigo 64 e 65 respectivamente do *Decreto 374/1996 do 17 de outubro*. Os integrantes son os seguintes:

Coordinadora: Guadalupe Ramos Guerreiro

Membros restantes: Susana Rego Domínguez, Sandra Carro Ramos



### **Equipo de actividades complementarias e extraescolares (EACE)**

Este equipo encargarase de planificar e organizar as actividades complementarias e extraescolares. As funcións do equipo veñen recollidas no artigo 75 do *Decreto 374/1996 do 17 de outubro*. Os integrantes son os seguintes:

Coordinadora: Tatiana Pintor Fuentes

Membros restantes: Beatriz Pablo Torreiro, Lorena Méndez Coira.

### **Equipo de dinamización das TIC**

As funcións que ten que desempeñar este equipo establecense no artigo 14 da *Orde do 17 de xullo de 2007 pola que se regula a percepción do compoñente singular do complemento específico por función titorial e outras funcións docentes*. A continuación amósanse os integrantes.

Coordinadora: Lorena Pereira Vergara.

Membros restantes: Raquel Sánchez Ruiz, Iván Pena Sánchez.

### **Equipo de dinamización da biblioteca escolar**

Encargarase de coordinar e dinamizar a biblioteca escolar que servirá de referente para todas as escolas. As funcións de este equipo aparecen recollidas por unha parte no artigo 11 da *Orde do 17 de xullo de 2007 pola que se regula a percepción do compoñente singular do complemento específico por función titorial e outras funcións docentes*. Así como no Anexo na *Resolución do 20 de setembro de 2023, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento da organización e o funcionamento das bibliotecas escolares nos centros docentes non universitarios, de titularidade da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, no curso académico 2023/2024*.

Coordinadora: Iván Pena Sánchez

Membros restantes: Raquel Sánchez Ruiz, Lorena Pereira Vergara

### **Coordinadora do benestar e convivencia no centro**

Esta figura actuará en coordinación coa dirección do centro, así como con el departamento de Orientación ó que estamos adscritos. As funcións da mesma aparecen recollidas no artigo 2 da *Orde do 23 de agosto de 2023 pola que se establece a figura da persoa coordinadora do benestar e convivencia nos centros docentes de Galicia*. A coordinadora é Lorena Méndez Coira.



## **Titorías**

As funciones das titoras veñen recollidas no artigo 81 do *Decreto 374/1996 do 17 de outubro* xa citado. As titorías están distribuídas da seguinte maneira:

Escola de Choeira, Aula 1	Carlota Sánchez Paz
Escola de Choeira, Aula 2	Mónica López Jul
Ledoño	Susana Rego Domínguez
Sésamo	Beatriz Pablo Torreiro
Vinseira	Guadalupe Ramos Guerreiro

## **8. Plan de actuación para a potenciación e organización das relación coa comunidade escolar.**

É obxectivo prioritario do plan de potenciación das relacións coas familias conseguir que o noso centro sexa valorado pola comunidade escolar como un lugar participativo, onde se ofertan servizos de calidade e que se atopa próximo as necesidades dos cidadáns. A relación do persoal do centro coas familias debe basearse na comunicación e a coordinación.

### **8.1. A participación da comunidade educativa**

En canto a **participación** no centro, a comunidade educativa terá diversas opcións. Por unha banda unha vía formal, como é a participación na ANPA do centro, creada o curso escolar que leva por nome "ANPA Cepelin". Ou ben a través do Consello escolar, que tal e como establece o Decreto 374/1996 do 17 de outubro, é o órgano de participación de toda a comunidade educativa na xestión dos centros educativos.

Por outra banda poderán participar no centro de maneira sistemática a través das diversas actividades que ofrecemos dende o noso centro como por exemplo: Escola de nais e país, Obradoiros de lectura e familias, clube de lectura entre profesorado e familias, etc. Máis tamén participan no centro de maneira esporádica xa sexa nas diferentes conmemoracións do centro como é o caso da "Romaría das letras galegas" ou ben acudindo ás aulas de forma concreta incentivadas polas titoras das aulas.



## 8.2. Vías de comunicación entre familia e escola

A comunicación coas familias farase a través de diferentes vías:

- Por unha parte reunións e xuntanzas ó comezo e final de curso, entrevistas individuais ou titorías. É evidente que áinda que dentro do horario non lectivo de obrigada permanencia no centro unha hora a semana está destinada a comunicación coas familias; como docentes procuraremos sempre adaptarnos ás necesidades das familias favorecendo a conciliación da vida familiar e laboral.
- Comunicacións a través de vía telemática utilizando ferramentas como a páxina web do centro, correo electrónico ou a aplicación abalar móvil para certos avisos. E as redes sociais, os blogues de centro e aula e a aplicación classdojo para mostrar ás familias as actividades realizadas no día a día na aula.
- Comunicacións formais a través do taboleiro de anuncios das escolas.
- Momentos de entrada e saída para que tanto as familias como o profesorado poidan intercambiar información puntual.
- Informes trimestrais de avaliación dos alumnos, os cales serán enviados a través da aplicación Abalarmobil.

## 9. Plan de actuación da dirección do centro

Ademais do labor de coordinación, potenciación e dinamización das actividades que se levarán a cabo este curso, a actuación da Dirección virá dada polo seguimento dos **obxectivos** marcados para o presente curso:

- ✓ Revisar e actualizar os documentos institucionais do centro, así como incentivar a elaboración da concreción curricular.
- ✓ Xestionar os recursos do centro fomentando a inversión en materiais axeitados.
- ✓ Realizar unha análise das necesidades do centro, tanto a nivel humano como material.
- ✓ Favorecer a coordinación entre o profesorado e a implicación do mesmo no desenvolvemento do PDI do centro, favorecendo o traballo en equipo e estimulando a actividade investigadora.
- ✓ Favorecer a transición e evolución positivas do alumnado tanto desde o medio familiar ao escolar (período de adaptación) como entre a etapa de educación infantil á educación primaria
- ✓ Progresar na consecución dos obxectivos marcados no Proxecto de Dirección pensados para desenvolver dende o 2023 ata o 2027



As **actuacións** que se levarán a cabo para acadar este obxectivos serán as seguintes:

- ✓ Procederase á revisión, modificación e dixitalización dos documentos, comezando polo Proxecto Educativo. Farase un seguimento na elaboración da concreción curricular.
- ✓ Levarase a cabo unha actualización do inventario do centro, co fin de detectar posibles necesidades de materiais e de mobiliario, así como retirar aquel do que xa non se faga uso. Tamén se establecerá un presuposto fixo por aula e especialidade para así facer unha xestión máis axeitada dos recursos.
- ✓ Revisaranse e analizaranse as necesidades das escolas, para despois elevar peticións ás administracións competentes para a mellora das instalacións e a posible intervención no centro de profesorado e persoal especializado na atención do alumnado NEAE e NEE.
- ✓ Animarse ao profesorado a participar no PFPP do centro, valorando isto como unha labor convxunta que redundará na mellora da calidade educativa.
- ✓ Velarase polo benestar do alumnado que se incorpora por primeira vez ao centro, valorando se as medidas establecidas no período de adaptación foron axeitadas. O profesorado do centro e o do centro adscrito coordinarase nunha reunión ao comezo de curso para favorecer a transición á educación primaria, ademais de participar na xornada de acollida organizada polo centro adscrito.
- ✓ Levar a cabo as accións e medidas correspondentes para lograr todos os obxectivos marcados no Proxecto de Dirección presentado para o período do ano 2023 ó 2027

## **10. Plan de actuación no ciclo de educación infantil.**

### **10.1. Obxectivos e actuacións**

Os **obxectivos** para este curso son:

- ✓ Coordinar a elaboración e o seguimento das programacións en Proens.
- ✓ Elaborar a programación didáctica de ciclo de acordo ao currículo de Educación Infantil en relación co Proxecto Documental Integrado: "Sementando Saúde".
- ✓ Coordinar todo o referente a evaluación, así como a documentación referida a información trimestral que se entregará ás familias.
- ✓ Promover unha maior implicación, colaboración e compromiso de toda a comunidade educativa cos proxectos e iniciativas que se propoñan, así como a participación no Plan de Formación Permanente do Profesorado.
- ✓ Impulsar a participación da comunidade educativa nas aulas, visitas, saídas...
- ✓ Coordinar as actividades académicas do equipo.
- ✓ Manter actualizada a metodoloxía didáctica.



As **actuacións** que realizaremos para a consecución destes obxectivos son:

- ✓ Colaborar e facer aportacións á Dirección para a elaboración da Programación Xeral Anual.
- ✓ Incentivar no equipo docente o manexo de Proens.
- ✓ Revisar, en coordinación e colaboración co profesorado, a proposta pedagóxica adaptándoa á realidade do centro.
- ✓ Fixar as datas das sesións de avaliación:
  - Primeiro trimestre: 11 de decembro de 2023
  - Segundo trimestre: 11 de marzo de 2024
  - Terceiro trimestre: 10 de xuño de 2024
- ✓ Establecer canles que fomenten a participación das familias no desenvolvemento da vida na escola e a organización do centro.
- ✓ Organizar e planificar xunto cos demais equipos as seguintes festividades: Magosto, Nadal, Entroido e Romaría.
- ✓ Prantexar propostas de aprendizaxe para desenvolver nas aulas co motivo do 8 de marzo (Día da Muller).

## **10.2. Período de adaptación e coordinación co centro adscrito**

O período de adaptación, segundo o establecido na *Orde do 3 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar para o presente curso*, non se prolongará máis alá do 15 de setembro.

Para a incorporación gradual do alumnado de 4º de educación infantil tense en conta o citado na orde anterior: a existencia de irmás ou irmáns no centro e as necesidades familiares, garantindo en todo caso a atención a tempo completo do alumnado cuxas familias así o soliciten. Para garantir o anterior ofrécese ás familias a posibilidade de acudir de 12:00 a 14:00 horas ou en horario completo, de 9:00 a 14:00 horas.

Este período organízase baixo presupostos de flexibilidade adaptándose aos ritmos e as características individuais do novo alumnado. A programación das primeiras semanas planifícase en relación a actividades encamiñadas á adquisición de rutinas e ao coñecemento de espazos. Ademais prográmanse actividades onde se establezan vínculos cas compañeiras e compañeiros e as mestras e mestres favorecendo así a socialización. Dende o equipo de ciclo prantexouse levar a cabo nas diferentes aulas actividades sinxelas e atractivas partindo de contos previamente seleccionados . A través destas actividades tentaremos estimular a imaxinación, creatividade, expresión corporal e a educación en valores.



No referente á coordinación co centro adscrito, CEIP Plurilingüe de Tarrío, convócase unha reunión entre as titoras do CRA e o profesorado que acolle ao alumnado procedente do mesmo co obxectivo de facilitar información acerca do desenvolvemento de cada nena e neno na etapa de Educación Infantil.

Preténdese retomar este curso a xornada de acollida que se realizaba no mes de xuño para que o alumnado que acaba a etapa coñeza o seu novo centro educativo.

### **10.3. Atención educativa**

Esta sesión semanal será impartida pola mestra de apoio de infantil Tatiana Pintor Fuentes e realizarase simultaneamente ás ensinanzas de relixión desdobrando o grupo en espazos diferenciados. O tempo adicado será dun período lectivo á semana.

## **11. Addenda do Proxecto Lingüístico**

### **11.1. Obxectivos**

- **A longo prazo**, coa implicación do profesorado, alumnado, equipo directivo e familias:
  - ✓ Concienciar á poboación de que a lingua galega é a principal lingua de Galicia, sendo a nosa obriga, como galegas/os, usala e mantela viva.
  - ✓ Lograr a plena normalización do noso idioma na vida diaria do centro por parte de toda a comunidade educativa, tanto nas aulas como fóra delas.
- **A medio prazo**, coa implicación do profesorado, alumnado, equipo directivo, equipo da biblioteca, equipo TICs e EACE:
  - ✓ Potenciar a valoración positiva do uso da lingua galega por parte de todos os integrantes da comunidade educativa en favor da normalización.
  - ✓ Utilizar a lingua galega como vehículo de expresión nas relacións internas e externas do Centro (documentación, comunicacións, ...).
  - ✓ Animar ao alumnado a utilizar a lingua galega dentro e fóra do Centro.
  - ✓ Introducir o galego no uso das tecnoloxías e redes sociais.
  - ✓ Dispoñer de material curricular en galego.
- **A curto prazo**, coa implicación do profesorado, alumnado, equipo directivo, EACE, equipo da biblioteca, equipo TICs e familias:
  - ✓ Promover o uso exclusivo do noso idioma en carteis, murais e todo tipo de actividades que se realicen desde o centro.



- ✓ Potenciar o emprego da lingua galega nas relacións informais co alumnado e familias: conversas nos recreos, nos corredores, telefónicas, etc.
- ✓ Dar a coñecer ao alumnado, familias e contorna a tradición e cultura galegas.
- ✓ Potenciar a colaboración co Concello en todas aquelas actividades que nos propoña e con outras institucións que nos oferten actividades que consideremos de interese para a potenciación da lingua galega no centro.
- ✓ Achegar o galego ás actividades extraescolares e complementarias, así como no xogo e tempo de lecer.
- ✓ Potenciar que o profesorado traballe convxuntamente en torno a un fin común, significando a nosa lingua, unificando propostas de actividades e elaborando material de interese que favorezan o uso da mesma.
- ✓ Coñecer a vida e obra de artistas galegos/as destacados/as.

## **11.2. Descripción detallada das propostas para o presente**

Moitas das propostas do presente proxecto non son actividades puntuais ou illadas, senón que se veñen desenvolvendo nos últimos anos, adaptadas curso a curso na súa temática, procurando deste xeito unha liña de continuidade que formará parte da nosa identidade e tradición como centro educativo.

- ✓ Taboleiros: En cada escola dispone de taboleiros para informar, publicar, expoñer notas ou avisos, e dar a coñecer as distintas propostas dos equipos do centro. Son taboleiros dinámicos posto que se irán actualizando ao longo do curso.
- ✓ Elaboración dun calendario: Elaborarse, en colaboración convxunta co Equipo TICS, un calendario escolar editado en lingua galega e ilustrado con imaxes das actividades realizadas nas distintas escolas durante o desenvolvemento do PDI *SEMENTANDO SAÚDE*.
- ✓ Adiviña que...: Con esta proposta preténdese achegar a lingua galega ao noso alumnado nos momentos de lecer e diversión, deixando un pouso nas súas lembranzas da infancia. A final de curso farase unha montaxe audiovisual con todo o material elaborado para expoñelo á comunidade educativa a través da páxina web do centro.
- ✓ Galicia con arte: Achegaremos ao alumnado a vida e/ou obra de artistas galegos destacados/as.
- ✓ Celebracións: Colaboraremos co resto dos Equipos na preparación e organización das festas e conmemoracións sinaladas: xogos tradicionais, obradoiros, danzas ou cantigas co alumnado.



- ✓ Traballaranse nas aulas contos, adiviñas, cancións..., relacionadas coa data a celebrar e con arraigo na cultura e tradición galegas.
- ✓ Día de Rosalía: Conmemorarse o aniversario do nacemento de Rosalía de Castro con actividades nas aulas .
  - Achegaremos ao alumnado información sobre a vida e obra de Rosalía de Castro.
  - Elaboraranse murais ou elementos decorativos para a aula partindo da súa poesía e de creacións artísticas plásticas.
  - No día de Rosalía ... Unha flor e unha poesía. Agasallarase ás familias cunha flor e unha poesía feitas polo alumnado en conmemoración do 23 de Febreiro, Día de Rosalía de Castro.
- ✓ Semana das letras galegas
  - Porase a disposición do profesorado recursos e actividades tics para traballar nas aulas a autora homenaxeada: Luisa Villalta
  - Proporanse actividades a realizar para ensalzar o valor da Lingua Galega.
  - Celebrarase a xa tradicional Romaría das Letras Galegas o 16 de Maio no Parque de Celas de Peiro, coa xuntanza das familias, nunha xornada festiva con actividades ao longo do día.
- ✓ Aprendo cantando: Traballaranse contidos das diferentes áreas usando cancións e música infantil en galego. Colaboraremos conjuntamente co Equipo de biblioteca e a especialidade de Ed. Musical.
- ✓ Revista escolar "As Novas de Pepa": Publicarase na web do centro a revista *As Novas de Pepa* para que toda a comunidade escolar poida lela. A revista recollerá as experiencias escolares do curso 23/24 más destacables. Todo o profesorado traballará no seu contido e editarase en Genially. O alumnado de 6º de Infantil colaborará no deseño da portada e contraportada.
- ✓ O galego nas Tics: Dinamizaranse as redes sociais, colaborando co Equipo de Ciclo e de Tics: colgaranse na web e nos blogs os materiais creados e as actividades propostas polo EDLG.
- ✓ Lemos en galego: En colaboración coa Biblioteca, o centro adquirirá libros en lingua galega, atendendo ás novidades.
- ✓ Elaboración de material: Crearemos material para as aulas en lingua galega: libros móbiles, contos viaxeiros, planos de escornabots, murais...
- ✓ Faremos un "Banco de palabras" elaborando para as aulas, tarxetas de palabras escritas acompañadas de imaxes, relacionadas co tema do PDI: *SEMENTANDO SAÚDE*



- ✓ Participar con outras institucións: Participaremos en actividades que nos oferte o Concello e outras institucións, sempre que vexamos que son axeitadas para o noso alumnado.

## **12. Plan anual de actividades complementarias e extraescolares.**

Tanto as actividades complementarias como as extraescolares propostas teñen como **obxectivo** prioritario xerar a mellora da calidade do ensino, contribuíndo a complementar o currículo na procura dunha formación plena e integral do alumnado. Ademais disto, preténdese achegar e facilitar ao alumnado as propostas culturais do entorno.

A **previsión de actividades** queda á espera da convocatoria de propostas que vaian xurdindo e que se adapten aos nosos intereses: programa de actividades Plan Coruña Educa, propostas do propio centro, invitacións que poden aparecer ao longo do curso dende outras institucións,...

As familias serían avisadas con antelación e realizaríanse dentro do horario lectivo do centro.

### **12.1. Conmemoracións**

No momento de realizar a presente programación anual, as **conmemoracións programadas** que serán organizadas polo equipo e nas que participará son as seguintes:

#### **1º TRIMESTRE:**

- ✓ **Samaín:** celebrarase o venres, 31 de outubro, a nivel de aula. Desde o equipo de EACE facilitaranse recursos dixitais para que se poidan empregar nas distintas titorías.
- ✓ **Magosto:** celebrarase o venres 27 de outubro, no parque de Celas. Tendo en conta o éxito desta festa no curso anterior, organizaranse unha procura do tesouro baseada en elementos naturais presentes na contorna, previamente as aulas traballarán o plano da zona e farán a recollida dos elementos con oveiras. Unha vez feito isto xuntaremos todos os elementos recollidos e faremos con eles un conxuro ou brevaxe de outono. Ademais tamén haberá unha representación dun conto por parte dos docentes para posteriormente pasar a degustar unha merenda con castañas asadas, para o que contaremos coa colaboración das familias. Ademais do xogo libre haberá un espazo que invitará ao arte efémero facendo mandalas con elementos do outono.
- ✓ **Nadal:** celebrarase a semana do 18 de decembro, concretamente o xoves 21 na escola da Choeira. Desenvolveremos diferentes propostas e levaremos a cabo unha merenda conxunta coa elaboración de receitas.



2º TRIMESTRE:

- ✓ **Entroido:** celebrarase o venres 9 de febreiro no pavillón de Almeiras. Os disfraces elaboraranse na aulas e desenvolveranse diferentes propostas relacionadas con esta data. No que fai as merendas áinda temos que decidir como se van xestionar as mesmas, xa que en cursos pasados eran elaboradas polas familias e levadas para a celebración, pero este ano dende o centro tomouse a decisión de soamente permitir elementos mercados na que aparezca unha relación de ingredientes.

3º TRIMESTRE:

- ✓ **Día das Letras Galegas:** organizarase unha romaría na Torre de Celas, na que participarán todas as escolas do CRA así como aquellas familias que podan disfrutar da xornada con nós. Conmemorarase á autora homenaxeado (sendo este ano a Luisa Villalta), a través de diversas actuacións como poden ser cantigas, poesías ou dramatizacións, entre outras. Pedirase a colaboración do Concello para a actuación dun grupo de música tradicional que amenice o xantar. Ademais a Moucha deixará un agasallo para os nenos e nenas do CRA.

## **12.2. Saídas e actividades culturais**

Durante a elaboración da presente programación fóreronse acordando e **programando algunas das saídas e actividades culturais** nas que participará o centro ao longo de todo o curso, áinda que quedan pendentes aquellas que podan ir xurdindo e que sexan significativas para o alumnado. Algunhas das cales programadas e organizadas dente o equipo son as seguintes:

1º TRIMESTRE:

- ✓ **Visita á Domus,** museo interactivo adicado integralmente ao ser humano. Decidimos levar a cabo esta saída xa que está moi relacionada coas temáticas que se van traballar no PDI no que está moi implicado o centro. Solicitamos a mesma para levala a cabo a partir do 15 de novembro e estamos pendentes da confirmación.

2º TRIMESTRE:

- ✓ **Museo de Belas Artes da Coruña,** esta saída a levaremos a cabo o 15 de marzo e escollemos participar na proposta "O que levamos na maleta" na que o fío condutor son as emocións e como as xestionamos.

3º TRIMESTRE:

- ✓ Acudiremos o 19 de abril a unha **representación teatral da obra Pingüín**, na sede de Afundación na Coruña.



- ✓ Visitaremos o **Palacio da Ópera da Coruña** para disfrutar da proposta cultural "De aquí para alá coas emocións" o martes 23 de abril. Tamén moi relacionado cunha das liñas do PDI na que se afondará nas emocións e a xestión das mesmas como parte do coidado da propia saúde.
- ✓ **Visita a granxa-escola de Belelle** o xoves 20 de xuño, como excursión e festa de fin de curso. Alí os nenos e nenas desfrutaran de actividades relacionadas co coidado dos animais e aves, montarán en poni, farán un obradoiro de pan e traballarán diferentes aspectos relacionados co horto.

Como se pode observar na nosa programación tratamos de garantir entre o alumnado do centro convivencias mensuais, seguindo un equilibrio entre as conmemoración/festividades e as diferentes saídas ou excursións programadas. Xa que o noso alumnado ao formar parte dun CRA e estar disperso en 4 escolas non teñen a mesma oportunidade de convivencia diaria que nun centro que non sexa das nosas características.

Ata a elaboración da presente programación temos pendente decidir a nosa participación nas diferentes propostas culturais que vaian xurdindo dende o concello de Culleredo, aquellas programadas no Ágora ou no Forum do parque Europa da Coruña. Así como aquellas que podan ir xurdindo dende outras entidades. Estamos pendentes de recibir información das mesmas e valorar xunto co Claustro aquellas que mellor se adapten ao traballado no centro e as características do noso alumnado.

## **13. Plan anual de lectura**

### **13.1. Contextualización**

A Biblioteca Escolar é o motor do noso centro, no que se desenvolven as competencias ALFIN/AMI e se poñen en práctica diferentes metodoloxías activas.

O noso centro é diferente, cousa que nos enriquece e nos prexudica case ao mesmo nivel. A Biblioteca Escolar, considerada como o "banco de recursos", forma parte da sede do CRA en A Choeira e distribúes nas Bibliotecas de Aula de cada escola.

A nosa misión fundamental é o fomento da lectura. Entendémola como o instrumento clave na formación integral das persoas, que nos axuda a "aprender a aprender", a relacionarnos co mundo, a experimentar, a expresar emocións, a crear e a viaxar. Facémola presente grazas ao Proxecto Documental Integrado (PDI), as Tarefas de Aprendizaxe Integradas (TAIs) e as diferentes actividades propostas ao longo do curso.



Neste contexto, establecemos como tema do PDI para este curso 2023-2024: "SEMENTANDO SAÚDE" e será a motivación que dinamice o centro cara á animación á lectura. A Biblioteca Escolar do CRA de Culleredo será unha fonte continua de recursos, concibida como o lugar onde atopar información, crear e investigar, e eixo dinamizador da totalidade de experiencias que xurdan.

O Equipo da Biblioteca serán as persoas responsables de poñer isto en práctica. Un equipo activo e comprometido, que formará parte de diversas formacións relacionadas directamente co mundo das bibliotecas e que terá en conta as propostas que o resto do claustro suxerirá ao longo do presente curso escolar.

### **13.2. Fundamentación. Obxectivos e liñas de actuación**

A incorporación á rede PLAMBE dende hai 9 anos, e ao Plan LIA.3 anos atrás, provocaron unha nova folla de ruta de cara a logros complexos, que agora parecen más próximos a acadar.

Por outra banda, dende o curso 2018-19 formamos parte do Proxecto Biblioteca Creativa, que no presente curso a súa asignación destinarse á formación das familias en obradoiros relacionados coa creación audiovisual ou de calquera outro ámbito presente no "espazo creativo", a experimentación, a programación etc., impartidos por profesionais ou persoas experimentadas en cada ámbito; e desde fai tres cursos ao Programa "Lectura e familias" con docencias sobre animación á lectura, teatro... para compartir en comunidade.

Modificamos a metodoloxía e formámonos en bibliotecas escolares no Plan de Formación Permanente do Profesorado (PFPP) do noso centro, dende hai 11 anos, onde temos unha liña sobre biblioteca.

Varios son os **obxectivos** que programamos sobre a lectura, e todo o que a rodea, neste Plan:

- ✓ Considerar á Biblioteca Escolar do CRA o centro neurálgico da Comunidade Educativa, asumindo o compromiso de adquirir as competencias clave, principalmente a competencia en comunicación lingüística (CCL).
- ✓ Fomentar no alumnado o interese e desfrute pola lectura e desenvolver o seu hábito lector.
- ✓ Potenciar a comprensión lectora como base de toda aprendizaxe.
- ✓ Estimular o uso de fondos de investigación e literarios, para favorecer no alumnado unha actitude reflexiva e crítica.
- ✓ Fomentar a participación e a integración dos membros da comunidade educativa no uso da Biblioteca, especialmente das familias.
- ✓ Colaborar co resto de Equipos do centro, especialmente co Equipo TIC e de Dinamización da Lingua Galega (EDLG), para desenvolver propostas lectoras na nosa lingua.

- ✓ Integrar actividades de fomento da lectura a través de distintos recursos dixitais e creativos, relacionados coas metodoloxías STEAM.

E como **Liñas de actuación** destacamos como prioritarias neste curso:

- ✓ Renovar o mobiliario e recursos das Bibliotecas de aula, despois de investigar e reflexionar no Grupo de Traballo do pasado curso.
- ✓ Fortalecer a liña metodolóxica da Biblioteca do CRA (PDI, TAIs e produto final) na actualización do Proxecto Educativo elaborado pola nova dirección.
- ✓ Fortalecer as competencias ALFIN/AMI, promovendo metodoloxías activas nas aulas e favorecendo o desenvolvemento dos obxectivos da Axenda 2030.
- ✓ Incrementar e renovar os fondos documentais e recursos creativos apropriados ao novo PDI.
- ✓ Facer expurgo dos fondos más deteriorados polo uso e desfasados da realidade educativa actual.
- ✓ Mobilizar os fondos da Biblioteca para fomentar a curiosidade, interese e disfrute da nosa comunidade educativa.
- ✓ Modificar as Bibliotecas de Aula e os espazos fedellos, con cambios trimestrais dos fondos e recursos desde a biblioteca da sede.
- ✓ Dinamizar a gamificación "A viaxe de Breogán".
- ✓ Promover o desenvolvemento do pensamento crítico.
- ✓ Elaborar guías de lectura de nadal, fin de curso e sobre aquelas temáticas significativas do presente curso.
- ✓ Dar a coñecer todas as propostas a través do blog da Pepateca e redes sociais, facéndoas unha peza importante da biblioteca.
- ✓ Promover a plataforma de lectura dixital E-LBE.2 na nosa comunidade educativa.
- ✓ Implicar ao profesorado e as familias do noso alumnado na biblioteca escolar.
- ✓ Continuar as aprendizaxes no PFPP e nas diferentes actividades propostas desde Bibliotecas Escolares, para a catalogación, o emprego de recursos e dinamización da biblioteca.
- ✓ Afianzar relacións con outras bibliotecas, institucións e persoas relevantes relacionadas co PDI do noso Concello e axentes dinamizadores do bo desenvolvemento integral das persoas.
- ✓ Investigar un novo PDI 23-24, onde o centro de interese sexan os hábitos saudables e o producto final, unha andaina ou roteiro en comunidade dentro da nosa contorna.



### **13.3. Organización de espazos e tempos para a lectura**

A lectura está presente no día a día do noso centro, por iso a nosa biblioteca oferta gran cantidade de fondos, recursos e propostas para fomentala.

Os espazos de lectura no CRA son diversos, dinámicos e adaptables ás actividades propostas; en concreto contamos con:

- ✓ Biblioteca Escolar (banco de recursos). Está situada na sede do CRA, de xeito interno acolle os fondos de ficción e os diferentes recursos de biblioteca creativa, onde tamén se sitúa a impresora 3D. Na parte externa, están dispoñibles os fondos de investigación e de adultos.
- ✓ Bibliotecas de aula (5), asemblea e patio, con fondos e espazo fedello dinámicos.
- ✓ Sala de mestres, con fondos especializados e banco de recursos da biblioteca creativa.
- ✓ Está pendente a tramitación dun espazo ao Concello para levar a cabo os obradoiros coas familias.

Os tempos ao igual que o espazo son variables e flexibles. Nun principio contamos coa "Hora de ler", os maletíns viaxeiros, o tempo de lecer ou dirixido no recanto da biblioteca de aula, investigacións puntuais de proxectos de traballo, as TAIs do noso PDI, os préstamos de fondos da fin de semana, a quincena da mochila viaxeira e 18 días do préstamo de adultos, entre outros.

### **13.4. Recursos humanos**

Os recursos humanos son unha das pezas clave deste Plan; sen elas nin eles non tería sentido:

O Equipo da Biblioteca é o motor. O profesorado, o alumnado e as familias son os activos participantes. Aquí temos que mencionar a relevancia das familias voluntarias, que levan a cabo o préstamo en familia os luns polas tardes e son dinamizadoras de actividades de fomento da lectura. A Comunidade Educativa é a máxima beneficiaria. O importante papel da dirección, coa axuda aportada en todos os aspectos, así como os diferentes Equipos de dinamización do centro.

Tamén xogan un papel relevante na nosa biblioteca o persoal das Bibliotecas Municipais, a Asesoría do CFR de A Coruña, as persoas docentes que interveñen nas nosas actividades de formación, o CAFI, a Asesoría das Bibliotecas Escolares de Galicia e Breogán, motivación principal da gamificación do presente curso.



### **13.5. Actividades programadas e temporalizadas. Ler en familia**

No CRA temos unha serie de actividades programadas de xeito sistemático ou puntual ao longo do curso.

Como propostas **sistemáticas** temos as seguintes:

- ✓ Préstamos de fondos na fin de semana para o noso alumnado (Todas as fins de semana do curso).
- ✓ Préstamo de adultos (Cada 18 días).
- ✓ Hora de ler con fondos nos maletíns viaxeiros, principalmente coas novedades mercadas durante o curso (Todos os días).
- ✓ TAIs de investigación dentro do PDI "Sementando saúde" e outros proxectos de traballo que xurdan nas aulas (Cada 15 días).
- ✓ Diferentes misións da gamificación a desenvolver de xeito cooperativo (Cada 15 días).
- ✓ Mochilas viaxeiras, cargadas de fondos para gozar da lectura en familia (Cada 14 días).
- ✓ Recanto da Biblioteca de Aula (Todos os días).
- ✓ Obradoiros da Escola de nais e pais (Un obradoiro ao mes).

Como propostas **puntuais** destacan:

- ✓ Publicacións no blog e redes sociais da Pepateca.
- ✓ Certames literarios e de fotografía sobre a temática do ano.
- ✓ Proposta "Lecturas compartidas" nas aulas e no centro.
- ✓ Conticra, para celebrar as principais conmemoracións do curso (Samaín, Nadal, Paz, Día da muller, Día do libro...)
- ✓ Conto viaxeiro, creado polo alumnado do noso centro.
- ✓ Obradoiros de creación do produto final coas familias.
- ✓ Club de lectura do profesorado intercentros co CEIP Sofía Casanova, e de profesorado e familias do CRA.
- ✓ Visita da Dragona Ramona, dinamizadora literaria do Concello de Culleredo.
- ✓ Guías de lecturas recomendadas: Nadal e fin de curso, principalmente, e algunas das temáticas fundamentais do PDI.
- ✓ Celebración do producto final do PDI en comunidade.
- ✓ Obradoiros de Biblioteca Creativa e, do Plan Lectura e familias.



Repartidas en trimestres quedarían do seguinte xeito:

PRIMEIRO TRIMESTRE:

- ✓ Reunións do Equipo da Biblioteca Escolar e a súa Comisión.
- ✓ Catalogación dos novos fondos en MEIGA, promoción das novedades que supoñen ditos fondos.
- ✓ Hora de ler con novos fondos dentro das carpetas/maletíns viaxeiros.
- ✓ Formación de usuarias e usuarios, sobre as normas, o sistema de colocación dos fondos e a figura dos "gardas da biblioteca".
- ✓ Proxecto Documental Integrado como adquisición de coñecementos "Sementando saúde".
- ✓ Inicio do préstamo de libros ao alumnado das escolas, a través da renovación trimestral das bibliotecas de aula, o préstamo de adultos e as mochilas viaxeiras.
- ✓ Intercambio e renovación dos espazos fedellos das bibliotecas de aula.
- ✓ Posta en marcha dos obradoiros da Escola de nais e pais.
- ✓ Publicacións no blog da Pepateca, Instagram e Twitter e elaboración das guías de lectura de nadal e fin de curso.
- ✓ Comezo das formacións sobre Biblioteca.

SEGUNDO E TERCEIRO TRIMESTRE

- ✓ Actualización periódica da catalogación dos fondos da biblioteca.
- ✓ Actualización do blog da biblioteca, Instagram e Twitter.
- ✓ Desenvolvemento no noso alumnado da competencia informacional grazas ao PDI.
- ✓ Novas propostas de TAIs do PDI.
- ✓ Asistencia a horas de docencias ofrecidas polas administracións educativas, para mellorar a formación do equipo e a dinamización da nosa biblioteca.
- ✓ Elaboración da documentación que desenvolve, recolle e avalía as actividades realizadas.
- ✓ Realización e envío da burocracia solicitada en PLAMBE e Biblioteca creativa.

### **13.6. Seguimiento e avaliación**

Debemos entender a avaliación como un proceso fundamental para previr, detectar e intervir necesidades, así como afondar naqueles aspectos que logran con éxito os obxectivos plantexados.

Para desenvolver todo isto, teremos en conta unha serie de instrumentos variados e obxectivos, que aseguren a correcta avaliación do proceso, así como a participación activa de todos os axentes implicados na mesma.

Prestaremos especial atención ao proceso lector do noso alumnado na hora de contarles un conto ou nunha investigación (percepción da imaxe e o texto, grao de comprensión lectora, habilidades e estratexias de comprensión...).

Ademais teremos en conta a:

- ✓ Votación ao mellor fondo semanal dos maletíns viaxeiros; coa finalidade de coñecer os seus gustos, para posibles compras e recomendacións nas guías de lectura.
- ✓ Análise dos cadernos viaxeiros que van nas mochilas viaxeiras (valoración en familia).
- ✓ Participación nas diferentes TAIs do PDI.
- ✓ Implicación e participación das familias nos certames literarios promovidos pola Biblioteca Escolar, no préstamo de adultos, nos Obradoiros da Escola de nais e pais, nos Obradoiros do PDI e no club de lectura.
- ✓ Análise das propostas das familias para mercar fondos ou actividades no fomento da lectura.
- ✓ Avaliación final e proposta de mellora das actividades realizadas na biblioteca escolar e dos diferentes Plans nun formulario de Google, por parte do alumnado, familias e profesorado.

## **14. Plan anual de traballo de biblioteca**

### **14.1. Actuacións en relación coa organización e xestión**

A lectura está presente no día a día do noso centro, por iso a nosa biblioteca oferta gran cantidade de fondos, recursos e propostas para fomentala.

Os espazos de lectura no CRA son diversos, dinámicos e adaptables ás actividades propostas; en concreto contamos con:

- ✓ Biblioteca Escolar (banco de recursos). Está situada na sede do CRA, de xeito interno acolle os fondos de ficción e os diferentes recursos de creativa, onde tamén se sitúa a impresora 3D. Na parte externa, están dispoñibles os fondos de investigación e de adultos.
- ✓ Bibliotecas de aula (5), asemblea e patio, con fondos e espazo fedello dinámicos.
- ✓ Sala de mestres, con fondos especializados e banco de recursos da biblioteca creativa.
- ✓ Está pendente a tramitación dun espazo ao Concello para levar a cabo os obradoiros coas familias.

No que respecta a automatización dos fondos, estase a empregar o Proxecto MEIGA. A catalogación dos novos fondos elabórase tendo en conta os centros de interese e as 7 seccións



de cores: LITERATURA (azul), INVESTIGACIÓN (verde), CD (laranja), DVD (vermella), XOGOS (rosa), ADULTOS (amarela) e ESPAZO FEDELLO (branca). A comunidade educativa pode está formada para consultar todo o noso catálogo nunha entrada do blog, nunha sección que temos destinada especificamente para iso.

En canto a organización e clasificación dos fondos bibliográficos e outros, está feita por un sistema de etiquetado de letras de cores no lombo e na portada dos fondos: a letra que corresponde ao primeiro apellido da autoría e a cor dependerá da sección do propio fondo.

Pola peculiaridade do noso centro non temos o empréstito informatizado en MEIGA e facemos o préstamo á man, nunhas táboas mensuais de dobre entrada "alumnado/data".

No que respecta á formación de persoas usuarias, levamos a cabo unhas sesións de formación inicial durante o mes de setembro e outubro para o novo profesorado e familias voluntarias (Plan de Acollida da Biblioteca), resto de familias e alumnado sobre o funcionamento, organización, equipamento, recursos, tarefas, préstamos, catalogación dos libros, etc. Nas aulas resaltamos a figura do "Garda da biblioteca" cunhas funcións e responsabilidades sobre a biblioteca.

Ademais, dende a BE ofrecemos a todo o profesorado do centro unha liña de formación a través do Plan de Formación Permanente do Profesorado (PFPP), para coñecer de primeira man e dun xeito máis específico os recursos cos que contamos no espazo, así como dispor de tempo para a catalogación de fondos, organización, expurgo e clasificación dos mesmos.

#### **14.2. Actuacións en relación á provisión de recursos e servizos bibliotecarios básicos.**

No que respecta á provisión de fondos, apostamos de xeito moi evidencial pola lingua galega, as causas sociais, a diversidade afectiva, os libros ilustrados, as editoriais e autoras e autores independentes, a ficción e literatura infantil, e os libros informativos e documentais en distintos soportes que aseguren a súa accesibilidade.

Para manter un mínimo de calidade tanto no estado dos libros como na súa temática, os fondos están en continua revisión e levando a cabo un expurgo segundo o recollido na *Resolución do 20 de setembro de 2023* na que se ditan as instrucións para as BE para o curso 2023 - 2024 e por suposto, prestar especial atención ás suxestións de libros aportadas pola comunidade educativa a través do enderezo electrónico e dun documento colaborativo para o claustro en Google Drive.

En canto aos orzamentos e, á espera da dotacións económica de PLAMBE, dispoñemos das diferentes aportacións de LIA.3 e a do centro de mil euros. A isto sumamos os orzamentos correspondentes a proxectos vinculados á BE como é Biblioteca Creativa e, Lectura e familias. Ademais da dotación da liña de biblioteca do PFPP, que destinamos parte do seu presupuesto para a compra de fondos bibliográficos.



#### **14.3. Actuacións en relación aos mecanismos para a difusión da información e espazos dixitais**

Que a nosa comunidade educativa coñeza todas as propostas, actividades ou tarefas que estamos a desenvolver na BE é primordial. Contamos cun blog con actualizacións regulares.

Os avisos de certa importancia tamén se levan a cabo a través de *AbalarMóbil*, enderezo electrónico e diferentes redes sociais (*X* e *Instagram*), para que a difusión chegue a un maior número de persoas usuarias da PEPATECA ou de a quen lle poida resultar de interese.

#### **14.4. Actuacións en relación á persoa designada como responsable da BE e o equipo de apoio**

O equipo de BE está composto polo coordinador Iván Pena Sánchez (mestre de apoio de EI, responsable da gamificación e coordinador de liña do PFPP da Biblioteca e do Programa Lectura e Familias) e un equipo de apoio formado por Lorena Pereira Vergara (mestra de Música e coordinadora do Equipo TIC e da liña do PFPP de Polos creativos) e Raquel Sánchez Ruiz (mestra de Psicomotricidade e coordinadora do Programa Biblioteca creativa). Un equipo activo, estable e comprometido, que forma parte de diversas formacións directamente relacionadas co mundo das BE e que ten en conta as propostas que as compañeiras e compañeiros do centro propoñen. A coordinación e comunicación é continua e directa, a través de mensaxería instantánea, enderezo electrónico e as reunións mensuais, levadas a cabo desde o mes de setembro ata o mes de maio. En canto a organización de tarefas, lévanse a cabo por medio da plataforma en rede de traballo colaborativa *Google Drive*.

Para o bo desempeño de todas as tarefas deseñadas e propostas neste documento, todos os membros do equipo teñen horas de coordinación dentro do seu horario lectivo e o coordinador, un total de catro horas lectivas.

Ademais do equipo de apoio, contamos cun grupo específico de colaboración de familias voluntarias as cales son pezas imprescindibles á hora de poñer en práctica e desenvolver moitas das actividades ou na boa xestión do préstamo en familia.

Por último, o coordinador da BE forma parte do Consello Escolar e da súa Comisión de Biblioteca.

#### **14.5. Actuacións en relación aos usos e horarios de apertura**

A totalidade do claustro ten á súa disposición todos os fondos e recursos da banco de recursos (BE) para facer préstamo, documentar os seus proxectos ou levar a cabo diferentes actividades en aula.

As bibliotecas de aula usaranse ao longo da xornada lectiva como fonte documental, creación e gozo.



Ademais, a BE estará aberta nun servizo de tarde, un luns ao mes en horario de seis a sete para préstamo en familia.

Por último, a nosa BE tamén será o espazo no que celebraremos moitas das sesións dos clubs de lectura de profesorado e familias do CRA e de profesorado intercentros, coas compañeiras e compañeiros do CEIP Sofía Casanova, coa colaboración da biblioteca municipal do Fórum Metropolitano da Coruña.

#### **14.6. Actuacións en relación coa dinamización e promoción dos recursos da biblioteca, a súa integración no tratamiento do currículo e a súa contribución ao desenvolvimento das competencias clave do alumno**

Para o desenvolvemento do PDI, contamos cunha dotación de libros formativos, informativos e documentais (alumnado e profesorado) que dan soporte ao desenvolvemento curricular dos proxectos, actividades, tarefas, etc. de todas as aulas. Ademais, facilitamos a totalidade de fondos e recursos para as especialidades, axudando á consecución dos obxectivos plantexados nas súas programacións didácticas. Destacamos as tabletas, ipads, mesas de luz, xogos de taboleiro, espazos fedello, etc.

A posibilidade de que todo o noso alumnado poda acceder a unha grande variade de recursos materiais é unha ferramenta ideal para que a nosa biblioteca compense as distintas desigualdades sociais que podan xurdir e, máis en centros de alumnado tan diverso como é o noso caso.

A biblioteca escolar do CRA proporciona ao seu alumnado un servizo básico e imprescindible para todas e todos, sen distincións de idade, sexo, condición sexual, nacionalidade ou lingua. Solucionamos dunha forma axeitada a peculiaridade do noso centro, distribuído por todo o Concello:

- ✓ Cambios de fondos e espazos fedellos nas aulas por trimestre.
- ✓ Maletíns viaxeiros, con libros novos para cada día na "Hora de ler".
- ✓ Mochilas viaxeiras, préstamos, caixas temáticas...
- ✓ Conmemoracións ao longo do curso.
- ✓ A escola de nais e pais, como punto de formación coas familias.
- ✓ Rotación polas escolas dos espazos fedello, robótica e impresora 3D.

Co diferente orzamento anual adquirimos fondos documentais e recursos adaptados ao noso alumnado, ás súas necesidades e individualidades, garantía da súa inclusión.

#### **14.7. Actuacións en relación coa formación de usuarios e adquisición da competencia información (ou de uso e tratamiento da información, incluída na actual competencia dixital)**

A formación para o uso, tratamiento e producción da información é un aspecto primordial á hora de desenvolver as competencias ALFIN/AMI.

O PDI deste ano titúlase "Sementando saúde". Sae da Biblioteca Escolar, pero tamén aportan o resto de Equipos do CRA e repercuten directamente no traballo das titoras e das especialidades. A planificación, organización e dinamización do PDI desde a Biblioteca só ten sentido se o profesorado se implica, faino seu, interiorízao e desenvólveo nas aulas co alumnado; verdadeiro protagonista das investigacións.

Programamos unha serie de obxectivos, criterios de avaliación e indicadores, dentro das tres áreas:

##### **ÁREA 1- COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN DA REALIDADE**

OBX3. Producir mensaxes de maneira eficaz, persoal e creativa utilizando diferentes linguaxes, descubrindo os códigos de cada unha delas e explorando as súas posibilidades expresivas para responder a diferentes necesidades comunicativas.

- CA3.5. Evocar e expresar espontaneamente ideas a través do relato oral
  - Amosa iniciativa para facer aportacións nas situacións de intercambio comunicativo (dinámicas de grupos).
- CA9.3. Expresarse de maneira creativa utilizando diversas ferramentas ou aplicacións dixitais intuitivas e visuais para expresarse de maneira creativa
  - Participa en actividades de creación con ferramentas dixitais para crear produtos propios e creativos.

OBX4. Participar por iniciativa propia en actividades relacionadas con textos escritos, mostrando interese e curiosidade por comprender a súa funcionalidade e algunas das súas características.

- CA4.4. Producir diferentes textos individualmente ou en grupo, con escritura convencional ou non, con propósitos e intencións diferentes: recoller e transmitir información, gozo...
  - Participa en actividades onde se emprega a lingua escrita para transmitir mensaxes e informacións de xeito autónomo.
- CA5.2. Recorrer á biblioteca como fonte de información e gozo e banco de recursos, respectando as súas normas de uso
  - Visita o recanto da biblioteca de manera voluntaria, respectando as normas de uso e colaborando na súa organización.

OBX5. Valorar a diversidade lingüística e dialectal presente na súa contorna, así como outras manifestacións culturais, para enriquecer as súas estratexias comunicativas e a súa bagaxe cultural.

- CA1.3. Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.
  - Realiza creacións artísticas onde reflexa a súa imaxinación, ideas e emocións, e goza o proceso.
- CA2.3. Descubrir e utilizar o vocabulario propio das linguas cooficiais mostrando interese polo seu uso.
  - Recoñece, comprende e emprega algunha palabra nas linguas oficiais.
- CA7.3. Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións plásticas, artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.
  - Realiza creacións plásticas onde reflexa a súa imaxinación, ideas e emocións, e goza o proceso.

## ÁREA 2 - CRECIMIENTO EN HARMONÍA

OBX1. Progresar no coñecemento e no control do seu corpo e na adquisición de distintas estratexias, adecuando as súas accións á realidade da contorna dunha maneira segura para construír unha autoimaxe axustada e positiva.

- CA1.2. Recoñecer, identificar e representar o corpo na súa globalidade e nas súas diferentes partes mostrando un nivel de detalle acorde á súa idade ou estado madurativo, chegando a interiorizar paulatinamente o seu esquema corporal.
  - Realiza a representación do seu corpo e identifica as súas partes.
- CA1.3. Recoñecer as percepcións sensoriais propioceptivas e exteroceptivas captadas a través dos sentidos verbalizando as sensacións que producen.
  - Explica as sensacións que lle producen os seus sentidos.
- CA1.4. Construír unha imaxe positiva propia e aceptar a súa identidade manifestando confianza nas súas posibilidades e recoñecendo as súas limitacións.
  - Mostra confianza nas súas posibilidades e actúa acorde ás súas limitacións.

OBX3. Adoptar modelos, normas e hábitos, desenvolvendo a confianza nas súas posibilidades e sentimentos de logro para promover un estilo de vida saudable e ecosocialmente responsable.

- CA3.2. Recoñecer hábitos de saúde, alimentación saudable, hixiene corporal e benestar utilizando adecuadamente espazos e materiais.
  - Recoñece hábitos saudables e os aplica no uso dos espazos e materiais.



- CA3.4. Realizar actividades relacionadas co autocoidado e co coidado da contorna con actitude de respecto e mostrando autoconfianza e iniciativa.
  - Coidase e coida a contorna.

OBX4. Establecer interaccións sociais en condicións de igualdade, valorando a importancia da amizade, do respecto, da diversidade e da empatía para construír a súa propia identidade baseada en valores democráticos e de respecto aos dereitos humanos.

- CA1.7. Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando positivamente a diversidade.
  - Recoñece algunas semellanzas e diferenzas, valorando a diversidade.
- CA4.4. Relacionarse de maneira assertiva, con tolerancia e eficacia coas persoas coas que interaccionan nas súas rutinas diárias e nas súas actividades cotiás.
  - Interaccionar nas rutinas e nas actividades cotizas de xeito tolerante e assertivo coas demais persoas.
- CA4.7. Desenvolver destrezas e habilidades para a xestión de conflitos de forma positiva propoñendo alternativas creativas e tendo en conta o criterio doutras persoas.
  - Resolve conflitos de forma positiva valorando os intereses de todas as persoas implicadas.

### ÁREA 3 - DESCUBRIMENTO E EXPLORACIÓN DA CONTORNA

OBX1. Identificar as características de materiais, obxectos e coleccións e establecer relacións entre eles, mediante a exploración, a manipulación sensorial, o manexo de ferramentas sinxelas e o desenvolvendo das destrezas lóxico-matemáticas para descubrir e crear unha idea cada vez más complexa do mundo.

- CA1.5. Situarse adecuadamente nos espazos habituais, tanto en repouso coma en movemento, aplicando os seus coñecementos sobre as nocións espaciais básicas e xogando co propio corpo e con obxectos.
  - Desprázase polo espazo, empregando nocións espaciais básicas, adaptando o movemento aos obxectos presentes e ás accións dos demais.
- CA1.6. Describir e representar graficamente a súa situación con relación aos obxectos e ás demais persoas usando vocabulario topolóxico básico.
  - Representa graficamente a súa situación no espazo, así como os obxectos e persoas situados nel, empregando o vocabulario topolóxico básico.

OBX2. Desenvolver, de maneira progresiva, os procedementos do método científico e as destrezas do pensamento computacional, a través de procesos de observación e manipulación de



obxectos, para iniciarse na interpretación da contorna e responder de forma creativa ás situacións e aos retos que se presenten.

- CA2.2. Xestionar situacións, dificultades, retos ou problemas planificando secuencias de actividades, mostrando interese e iniciativa e colaborando cos seus iguais.
  - Colabora cos seus iguais na secuenciación de accións para deseñar solucións e aplicalas a diferentes situacións problemáticas e/ou retos.
- CA2.4. Expor hipóteses sobre o comportamento de certos elementos ou materiais verificándoos a través da manipulación e da actuación sobre eles.
  - Propón hipóteses e leva a cabo accións para comprobalaras.
- CA2.8. Iniciarse en actividades relacionadas coa metodoloxía STEAM como modelo de aprendizaxe activo.
  - Participa amosando iniciativa en actividades STEAM.

OBX3. Recoñecer elementos e fenómenos da natureza amosando interese polos hábitos que inciden sobre ela para apreciar a importancia do uso sustentable, o coidado e a conservación da contorna na vida das persoas.

- CA3.4. Descubrir e recoñecer os elementos más identificativos do patrimonio natural, tanto da contorna coma da comunidade.
  - Recoñece os elementos más significativos do patrimonio natural e valora a súa importancia.

OBX4. Identificar as características e funcións dos grupos e organizacións da comunidade, apreciando algúns elementos significativos propios da cultura galega como base para a construción da identidade social desde o coñecemento e a valoración das particularidades do mundo circundante.

- CA4.4. Descubrir as distintas profesións, organizacións e servizos da contorna valorando as súas funcións e a importancia social da súa actividade.
  - Identifica e valora as diferentes profesións, organizacións e servizos da súa comunidade.

Desde as diferentes titorías e especialidades levaranse a cabo diferentes Tarefas de Aprendizaxe Integradas (TAl) para acadar ditos obxectivos programados por trimestres. Finalizaremos o PDI cun producto final realizado en comunidade.

Ademais das diferentes propostas dentro do PDI realizaranse diferentes proxectos de investigación, nos que a biblioteca aportará parte da fonte documental coas Caixas temáticas con fondos vinculados aos mesmos, como por exemplo: bechos, o corpo, arañas e as estacións.



A Gamificación deste curso "A viaxe de Breogán" está relacionada co "Coidado do medio ambiente" e directamente vinculada aos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) da Axenda 2030 nº 3 Saúde e benestar, nº 5 Igualdade de xénero, nº 7 Enerxía asequible e non contaminante, nº 9 Industria, innovación e infraestrutura, nº 11 Cidades e comunidades sostibles, nº 12 Producción e consumo responsable e nº 13 Acción polo clima.

#### **14.8. Actuacións en relación co fomento da lectura**

A BE propón unha serie de actividades programadas ao longo do curso, son:

- Os maletíns viaxeiros na Hora de ler. 25 fondos novidosos da Biblioteca Escolar xiran polas diferentes escolas durante 5 semanas. Vian cunha folla de avaliación dos fondos; o alumnado terá que valorar cal foi o fondo que máis lle gustou e ordenalos de maior a menor ao final da semana. Grazas a esta actividade, coñecemos os seus gustos e compartímos coa comunidade educativa nas guías de lectura de Nadal e Fin de curso.
- As mochilas viaxeiras: cunha gran implicación das familias.
- Préstamo da fin de semana (alumnado), préstamo de adultos e préstamo en familia. Para o préstamo da fin de semana, o alumnado escolle libremente de entre os fondos da Biblioteca de aula, comunica/anota o número de rexistro na táboa do mes, introduce o fondo dentro da súa carpeta e na bolsa das Bibliotecas Escolares. Para o préstamo de adultos, os fondos introducímos nunhas bolsas de tea, cun marcapáginas que indica a data de entrega e a devolución en 20 días dos fondos solicitados. O préstamo é xestionado polo Equipo da biblioteca e organizado polas titoras nas aulas. Para finalizar, o préstamo en familia, un luns ao mes as familias elixen 5 fondos para levar as súas casas, nunhas bolsas de tea para esta proposta. A devolución é ao mes e está xestionado polas "Familias voluntarias" formadas no 1º obradoiro da ENAPAS.
- Conmemoracións: Dia das Bibliotecas escolares, Mes da Ciencia en galego, Día do Libro, Semana das Letras Galegas.
- Obradoiros de Creativa e animación á lectura, dentro do plan "Lectura e familias".
- Club de lectura "SOFICRÁ": seguimos coas sesións de lectura intercentros, co profesorado do CEIP Sofía Casanova de Culleredo e o Club de lectura de familias e profesora do CRA, dentro do programa "Lectura e familias".
- Lecturas compartidas: proposta na que as familias do noso alumnado veñen ás aulas a contarnos un conto. A xestión correspónelle ás titoras.
- Bibliotecas de aula: sempre abertas á investigación, creación e gozo.



#### **14.9. Actuacións en relación a outros proxectos e programas nos que está inmerso o centro**

Ademais de todo o exposto anteriormente, a BE facilita o desenvolvemento de todos os proxectos, actividades e tarefas que no centro e aulas estanxe a traballar coa dotación e formación nos recursos que estas precisen e soliciten (fondos bibliográficos, recursos STEAM, obradoiros e formacións, etc.) polo tanto, a BE colabora aportando fondos documentais, temáticos ou obradoiros e formacións ao alumnado, ás familias, etc. Os proxectos do centro nos que estamos a participar:

- ✓ Fondo Galego de Garantía Agraria (FOGGA)
- ✓ Plan director para a convivencia nos centros
- ✓ Proxecto de vida activa e deportiva: Proxecta+ "Unha milla diaria"
- ✓ Cullerciencia
- ✓ Os vinculados directamente á biblioteca: Biblioteca creativa e Lectura e familias.

#### **14.10. Criterios e procedementos de avaliación (dos servizos da biblioteca e da situación da lectura no centro, entre outros) indicadores e instrumentos a utilizar.**

Todo proceso precisa dunha avaliación para poder establecer unha serie de melloras para vindeiros cursos. Por iso, é importante contar coa opinión das persoas usuarias da BE como é o caso de alumnado, profesorado e familias, as cales, a través de formularios en rede (formularios de Google), valoran os indicadores relacionados cos fondos bibliográficos e recursos de creativa, a organización, difusión das actividades, a participación e implicación da comunidade educativa, a formación das persoas usuarias, as actividades desenvoltas para o fomento da lectura e para a adquisición da competencia informacional, entre outras.

Con esta información e a partires deste punto, comezamos a plantexar as liñas prioritarias de traballo do próximo curso co fin de facer da nosa biblioteca un punto de encontro, un encontro coa información, coas historias, coa vida, en definitiva, coas boas prácticas lectoras.

### **15. Plan de introdución ás Tecnoloxías da información e comunicación e Plan dixital do centro.**

#### **15.1. Contextualización**

O equipo de Dinamización das TIC está coordinado por Lorena Pereira, mestra especialista en Educación Musical e integrado por Iván Pena, mestre de apoio, Raquel Sánchez mestra especialista en Educación Física. Este mesmo equipo encargarase da elaboración e posta en marcha do Plan Dixital de centro para o presente curso 2023-24.



## 15.2. Obxectivos

- ✓ Elaborar o Plan Dixital de centro para o curso 2023-24.
- ✓ Coordinar e xestionar o mantemento dos equipos informáticos do centro.
- ✓ Impulsar o uso das TIC entre a comunidade educativa (alumnado, profesorado e familias) facilitando as ferramentas e apoios precisos.
- ✓ Fomentar o emprego das TIC e a metodoloxía STEAM como recurso educativo e modelo de aprendizaxe activo, apoiando a adquisición das competencias clave.

O **Plan Dixital** de centro elaborarase e estará dispoñible dentro da plataforma Educalidade. Alí concretaranse os obxectivos anteriores en accións a desenvolver ó longo do curso 2023-24.

## 15.3. Actuacións

### 1º Trimestre:

- ✓ Elaboración do **Plan Dixital** para o curso 2023-24.
- ✓ Actualización do inventario de recursos TIC do centro: revisión, baixa e expurgo de equipamento tecnolóxico obsoleto ou deteriorado.
- ✓ Elaboración da enquisa de actualización dos datos de contacto do alumnado: coa que asegurar que os medios e canles de comunicación do centro sexan funcionais.
- ✓ Xestión de recursos TIC: revisión e actualización do servizo de préstamo; presentación do servizo de préstamo ante o Claustro.
- ✓ Colaboración no deseño de propostas que integren as TIC e os recursos de Biblioteca Creativa do centro (alumnado, profesorado e familias)
- ✓ Colaboración nos deseños de montaxes dixitais e audiovisuais para diferentes actividades e/ou conmemoracións de centro.
- ✓ Dinamización e actualización da páxina web do centro, como canle de difusión oficial.
- ✓ Difusión das actividades de centro en diferentes canles e redes sociais.

### 2º e 3º Trimestre:

- ✓ Implantación do **Plan Dixital**: desenvolvemento e seguemento do plan de acción.
- ✓ Mantemento dos recursos TIC do centro: revisión e actualización de equipamento tecnolóxico.
- ✓ Xestión de recursos TIC: préstamo de recursos, revisión, actualización e mantemento.
- ✓ Colaboración no deseño de propostas TIC no centro (alumnado, profesorado e familias).
- ✓ Dinamización e actualización da páxina web do centro e outras canles de difusión.



## **16. Plan de actuación na prevención e na estimulación da linguaxe oral.**

No artigo 11 pertencente á sección 2 da *Orde do 8 de setembro de 2021*, citada con anterioridade, regúlase a prevención e a detección temperá como principio educativo sinalando que:

*"Os centros docentes deberán pór en práctica accións e medidas que teñan unha finalidade preventiva".*

*"A valoración das necesidades educativas dunha alumna ou dun alumno levaranse a cabo á idade más temperá posible".*

*"Os departamentos de orientación establecerán procedementos e tomarán medidas para a detección temperá das necesidades educativas do alumnado.*

A Educación Infantil é un momento crucial para o desenvolvemento e a expansión da linguaxe oral, por iso estímase necesario levar a cabo en dita etapa un programa de estimulación co fin de previr, detectar e dar unha resposta axeitada as posibles necesidades detectadas.

Partimos tamén da premisa de que a plasticidade cerebral nos primeiros anos permite acadar mellores resultados e da lugar a un proceso que quizais sexa mais difícil acadar en estadios superiores, cando as alteracións da linguaxe, maioritariamente evolutivas, pódense converter en alteración funcionais.

Desenvolverase dito programa co alumnado do nas cinco unidades do CRA de Culleredo e na que están escolarizados un total de 61 alumnos e alumnas. En canto á temporalización esta será de 1 sesión semanal de 50 minutos de duración na súa aula de referencia e contaremos co apoio da mestra titora.

Como **obxectivos** levaranse a cabo os seguintes:

- ✓ Favorecer as habilidades cognitivas básicas de atención, memoria, percepción e razonamento.
- ✓ Ofrecer estratexias para o mantemento e a focalización da atención.
- ✓ Reforzar a comprensión de relacións conceptuais.
- ✓ Potenciar as bases anatómico-funcionais da fala (discriminación auditiva).
- ✓ Favorecer a comprensión de instrucións, ordes, normas e mensaxes cada vez máis complexos.
- ✓ Ampliar o vocabulario tanto comprensivo como expresivo na estrutura morfosintáctica adecuada (orde lóxico das oracións e contido).



- ✓ Mellorar a pragmática da linguaxe mediante a narración de feitos, historias e acontecementos seguindo unha estrutura ordenada e tendo en conta os coñecementos do interlocutor.
- ✓ Mellorar a producción correcta das palabras evitando a linguaxe infantilizada e inintelixibilidade do seu discurso.
- ✓ Potenciar a capacidade comprensiva de preguntas tipo Q.
- ✓ Afianzar situacíons de interrelación social e uso da linguaxe oral.
- ✓ Xeneralizar o aprendido á linguaxe espontánea.

## **17. Plan Proxecta: Proxecto de vida activa e deportiva (PVAD)**

O Programa de vida activa e deportiva (PVDA), forma parte do Plan Proxecta+, regulado na Resolución do 22 de xuño de 2023, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se regula o Plan Proxecta+ e se establecen as bases para a participación dos centros docentes sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades durante o curso 2023/24. Consiste en deseñar, executar e avaliar un proxecto relacionado cos hábitos de vida activa e saudable, buscando o incremento diario de actividade física que realiza o alumnado, tanto dentro como fóra do centro, e a medición do impacto que ten este incremento da carga de actividade física realizada na saúde dos escolares.

Dado que o proxecto documental integrado que levaremos a cabo neste curso escolar, titulado "Sementando Saúde", ten como obxectivo principal reflexionar sobre a importancia do benestar físico e emocional, a participación neste programa é totalmente coherente e enriquecedora, concretamente decantámonos pola modalidade "Milla Diaria".

A continuación, destacaremos tanto os obxectivos plantexados como as actuación que levaremos a cabo para acadalos.

### **17.1. Obxectivos**

- ✓ Promover un estilo de vida saudable dentro da nosa Comunidade Educativa.
- ✓ Favorecer unha alimentación saudable nas merendas; incentivando o consumo de froita e ofrecendo opcións de receitas saudables.
- ✓ Concienciar do aseo e coidado persoal para o benestar físico e saudable.
- ✓ Incrementar a práctica deportiva e de actividade física e corporal nos tempos de lecer do noso alumnado e das súas familias.



- ✓ Practicar actividades que promovan o propio benestar corporal e emocional como a relaxación, as masaxes, o ioga ou mindfulness.

## 17.2. Accións

### Ámbito Temporal 1: Fóra do centro e fóra do horario lectivo:

- ✓ Actividades físicas e deportivas na nosa contorna e coas familias.
- ✓ Romaría das Letras Galegas, convivencia anual coa Comunidade Educativa na que a Música, a Danza e o movemento están presentes.

### Ámbito Temporal 2: Dentro do centro e dentro do horario lectivo:

- ✓ Rexistro das medras: actividade anual na que se recollen a principio e a final de curso datos do crecimiento corporal do noso alumnado.
- ✓ Actividades de carácter físico deportivo ao longo da xornada escolar, con desdobres dos grupos que facilitan esta práctica diaria.

### Ámbito Temporal 3: Dentro do horario lectivo e fóra do centro:

- ✓ Andainas pola contorna das escolas.
- ✓ Actividades extraescolares: convivencias e xuntanzas para diferentes conmemoracións.

### Ámbito Temporal 4: Dentro do centro e fóra do horario lectivo:

- ✓ Obradoiros coas familias de temas diversos, como o de alimentación, na "Escola de Nais e Pais".
- ✓ Obradoiros coas familias dentro do programa de "Lectura e Familias" nas que o movemento e a corporalidade sempre están presentes.

## 18. Plan de actividade física e hábitos saudables

É evidente que este plan é un dos que teñen máis protagonismo neste curso académico, pois moitas das iniciativas xiran ó redor dos hábitos saudables e a actividade física. En primeiro lugar porque é un dos obxectivos principais establecidos na presente PXA, pois unha das liñas de acción propostas pola actual dirección do centro no proxecto presentado foi "a promoción da educación para a saúde". Para alcanzar dito obxectivo levamos a cabo varias accións tal e como se foron explicitando ó longo deste documento. Por unha parte o noso PDI "Sementando saúde", por outra parte a participación no Proxecto de Vida Activa e Deportiva (PVAD) enmarcado no Plan Proxecta+, e a solicitude de participación no Fondo Galego de Garantía Agraria (FOGGA), para poder repartir de forma gratuita ó noso alumnado froita fresca e leite.



A maiores prantexamos uns **obxectivos específicos** para este curso 2023-2024:

- ✓ Promover hábitos alimenticios saudables así como a hidratación periódica ao longo da xornada escolar, sobre todo os días de moita calor ou durante a práctica de exercicio físico.
- ✓ Favorecer a importancia de manter unha boa hixiene persoal como prevención de enfermidades comúns así como a evitar a súa transmisión.
- ✓ Desenvolver destrezas orientadas á relaxación co fin de lidiar con sensacións incómodas ou tras momentos dunha actividades física.
- ✓ Recoñecer as principais partes do corpo e asociar as sinais deste con accións que nos fan sentir ben.
- ✓ Desfrutar da actividade física regular e como promotora benestar e desfrute.

As **actuacións** para este curso son:

- ✓ Elaboración dun pequeno recetario para facilitar a variedade e gustos persoais do alumnado, así como unha infografía sobre o tipo de merendas que deben traer á escola
- ✓ Implantación de hábitos de hixiene persoal ao longo da maña: lavado de mans, coidado e hixiene no momento da merenda e limpeza de mocos.
- ✓ Elaboración e posta en práctica de caixas de psicomotricidade con material que propicie a práctica de actividade física no momento do recreo.
- ✓ Elaboración e posta en práctica dunha batería de actividades físicas para poder desenvolver ao longo da xornada.
- ✓ Realización dunha rutina de relaxación tras momentos de actividade física ou como medio de recuperación do benestar emocional.

## **19. Plan de Formación Permanente do Profesorado**

### **19.1. Introducción**

No presente curso académico temos solicitado un PFPP, seguindo co establecido na Resolución do 26 de xuño de 2023, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se convoca a selección de plans de formación permanente do profesorado que se van implantar en centros educativos públicos dependentes desta consellería no curso 2023/24. Como centro valoramos positivamente a formación conxunta en temáticas que nos competen a todas e todos, grazas a este formato de formación tratamos de acadar os nosos obxectivos. De feito todos e



todas as mestras do claustro formamos parte a excepción dunha persoa. Temos programado facer as sesións do curso e do grupo de traballo os luns, martes e xoves, fóra do horario lectivo. Estas reunións faranse de xeito presencial na sede do CRA: A Choeira. O equipo de coordinación do PFPP reunirse de xeito telemático para planificar as diferentes liñas e itinerarios do Plan.

## 19.2. Liñas de traballo

Actualmente temos catro liñas no PFPP e son as seguintes:

❖ **Axustándonos a normativa vixente:** Esta liña consistirá na renovación da documentación do centro. Consiste nun Grupo de Traballo dun total de 40 horas. O profesorado que forma parte desta liña son os seguintes:

- ✓ Carlota Sánchez Paz (Coordinadora)
- ✓ Beatriz Pablo Torreiro
- ✓ Iván Pena Sánchez
- ✓ Guadalupe Ramos Guerreiro

❖ **Catalogación e dinamización dos fondos e recursos da Biblioteca escolar do CRA:**

Esta liña consistirá na catalogación de todos os fondos da biblioteca de anos anteriores e do presente, utilizando o programa Meiga/Koha. Consiste nun Grupo de Traballo dun total de 40 horas. Os integrantes son:

- ✓ Iván Pena Sánchez (Coordinador)
- ✓ Lorena Pereira Vergara
- ✓ Raquel Sánchez Ruiz
- ✓ Susana Rego Domínguez

❖ **Desenvolvemento do Programa Polos creativos no CRA:** Esta liña consistirá en acadar as habilidades suficientes para a correcta utilización dos recursos aportados polo programa de polos creativos. Consiste nun Grupo de Traballo dun total de 30 horas. Os integrantes son:

- ✓ Lorena Pereira Vergara (Coordinadora)
- ✓ Beatriz Pablo Torreiro
- ✓ Carlota Sánchez Paz
- ✓ Guadalupe Ramos Guerreiro
- ✓ Iván Pena Sánchez
- ✓ Lorena Méndez Coira



- ✓ Mónica López Jul
- ✓ Raquel Sánchez Ruiz
- ✓ Susana Rego Domínguez
- ✓ Tatiana Pintor Fuentes

❖ **A Escola de nais e pais no CRA de Culleredo:** O obxectivo fundamental desta liña é establecer un punto de encontro para establecer experiencias entre a comunidade educativa. Os membros de esta liña son as familias do centro. O coordinador é Ivan Pena Sánchez.

### **19.3. Obxectivos**

Os obxectivos xerais que están plantexados para o desenvolvemento deste PFPP son os seguintes:

- ✓ Dinamizar e mellorar o funcionamento da biblioteca escolar e reforzar o seu papel aglutinador das diferentes escolas do CRA.
- ✓ Mellorar a competencia dixital da comunidade educativa, implementando progresivamente diferentes materias e recursos proporcionados polo programa Polos Creativos
- ✓ Elaborar e actualizar o Proxecto Educativo do centro e demais documentos de acordo a normativa vixente.
- ✓ Mellorar a participación e a convivencia da comunidade educativa.

## **20. Plan de benestar**

### **20.1 Introdución**

Dada a situación actual na sociedade e posto que un centro educativo debe ter como obxectivo desenvolver o principio de convivencia e a resolución pacífica de conflitos, elaborar un plan neste ámbito serve como base para ser conscientes en todas as áreas educativas de xeito transversal e específico e tamén para dar coherencia ás distintas medidas desenvolvidas na nosa escola.

Téntase deste xeito desenvolver uns obxectivos en base á normativa de referencia e ás características do propio centro, así como accións a levar a cabo para acadalos. Estes formarán a base desta comunidade educativa, xunto coa avaliación das accións ademais de detectar aspectos de mellora ou indicadores de actuación.



Partiremos do estudo realizado do noso contexto e da lexislación vixente, propoñeremos distintas vías para favorecer a mellora da convivencia no centro e a resolución pacífica dos conflitos, fixando protocolos de actuación para as situacións que se poidan dar e servindo como medio de prevención de actitudes ou condutas contrarias á convivencia.

## 20.2. Análise do contexto

O CRA de Culleredo é un centro rural agrupado de titularidade pública composto polas escolas de Choeira, Ledoño, Sésamo e Vinseira. Sitúase no concello de Culleredo. A maioría do alumnado reside na área de influencia, se ben tamén recibimos alumnado de áreas limítrofes ou doutros concellos. O equipo docente está composto por 11 mestras e mestres, todos con destino definitivo. Este feito facilita o coñecemento do centro educativo e do alumnado.

Tal e como regula a lexislación vixente, e citando o apartado e) do artigo 13 da Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación: *"relacionarse cos demais en igualdade e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e relación social, así como exercitarse no uso da empatía e a resolución pacífica de conflitos, evitando calquera tipo de violencia"*.

Así, cumprindo coa a Orde do 23 de agosto de 2023 pola que se establece a figura da persoa coordinadora de benestar e convivencia nos centros docentes de Galicia e co obxectivo de facilitar o cumprimento das competencias en convivencia e benestar, desígnase a Dona Lorena Méndez Coira, por un período de dous anos, coordinadora de benestar e protección e de dinamización de convivencia.

## 20.3. Obxectivos

Un contexto educativo que pretenda favorecer a convivencia débese marcar os obxectivos que indicamos a continuación:

### En coordinación co equipo directivo:

- ✓ Coordinar o plan de convivencia e colaborar na súa dinamización.
- ✓ Fomentar o uso de métodos alternativos de resolución pacífica dos conflitos entre o persoal do centro e o alumnado.
- ✓ Identificarse ante a comunidade educativa, como referente das comunicacións relacionadas con posibles casos de violencia no propio centro.
- ✓ Informar ó persoal do centro sobre os protocolos de prevención e protección de calquera forma de violencia existente na súa localidade ou na súa comunidade autónoma.
- ✓ Promover, en situacións que supoñan un risco para a seguridade dos menores de idade, a comunicación inmediata coas forzas e corpos de seguridade do Estado.



- ✓ Promover plans de formación en materia de prevención, detección precoz e protección da infancia.
- ✓ Promover no centro docente unha alimentación saudable e nutritiva que permita ao alumnado, especialmente ao máis vulnerable, ter unha alimentación equilibrada.
- ✓ Promover, en situacions que poidan implicar un tratamento ilegal de datos persoais das persoas de menores de idade, a comunicación inmediata por parte do centro educativo, con coñecemento da persoa delegada de protección de datos da consellería con competencias en materia de educación, á Axencia Española de Protección de Datos.

En coordinación co Departamento de Orientación:

- ✓ Promover medidas que garantan o máximo benestar da infancia, así como a cultura do bo trato, coordinando actuacions, que se realizarán no centro e desde a titoría, promotoras de valores democráticos de convivencia, negociación e diálogo e cultura de paz.
- ✓ Colaborar no deseño e desenvolvemento de programas facilitadores de detección de dificultades de convivencia e de relación.
- ✓ Fomentar o respecto polo alumnado con discapacidade ou calquera outra circunstancia de especial vulnerabilidade ou diversidade.
- ✓ Coordinar os casos que requirian intervención por parte dos servizos sociais competentes, debendo comunicalo ás autoridades correspondentes.
- ✓ Promover a participación das familias informándoas e asesorándoas, en especial no relacionado coa convivencia democrática e o benestar.

En coordinación coas asociacións de nais e de pais:

- ✓ Promover plans de formación en materia de prevención, detección precoz e protección da infancia e a adolescencia, dirixidos ás persoas proxenitoras e a quen exerza función de tutela, garda ou acollemento.

## 20.4. Indicadores

Na seguinte táboa recóllense os indicadores para a consecución dos obxectivos anteriormente mencionados.

Para cada un dos indicadores, a finais de curso, valorarase do 1 ao 5 o grado de consecución, sendo 1 "*non conseguido*" e 5 "*acadado na súa totalidade*".



Indicadores	1	2	3	4	5
1. Alcanzáronse os obxectivos fixados no Plan de Benestar.					
2. Co desenvolvemento das actividades déronse respuestas aos obxectivos propostos.					
3. Fomentáronse actividades para desenvolver entre o alumnado habilidades sociais intelixencia emocional, a autoestima, a resolución pacífica de conflitos, a mediación e as dinámicas de grupo.					
4. As actividades desenvolvéreronse coa temporalización prevista.					
5. Grao de coordinación co equipo directivo.					
6. Grao de coordinación co departamento de orientación.					
7. Grao de coordinación coas familias.					
8. Grao de resolución de conflitos na aula e no patio.					
9. Grao de satisfacción da comunidade educativa en relación co clima da convivencia escolar.					

## 20.5. Seguimento, avaliación e difusión

O seguimento e avaliación do Plan de Benestar será:

- ✓ Continua, mediante o seguimento nas reunións do profesorado, nas dos distintos equipos e nas avaliacións trimestrais.
- ✓ E final, coa valoración xeral do Plan de Benestar por parte do equipo educativo, aportando propostas de mellora para o próximo curso.

Ademais:

- ✓ Elaborarase un informe que recollerá, no caso de producirse, as incidencias que arremetan contra o bo clima e convivencia na escola.
- ✓ Analizarase a situación da convivencia no centro e proposta de mellora valorando: a programación de actividades, a motivación e participación do alumnado na realización dos programas, a dinámica de grupos en tutoría e as propostas de mellora e compromisos por parte do equipo educativo.



## **21. Plan xeral de avaliación do centro**

A avaliação constitúe un elemento clave para a mellora da calidade educativa. O claustro, trimestralmente, fará un seguimento das medidas aplicadas para a consecución dos obxectivos propostos na PXA cara a detectar as insuficiencias da mesma, ademais de valorar o grao de cumprimento dos obxectivos e, no caso de ser preciso, faranse propostas de mellora.

Por último a Memoria Anual, ao remate do curso, recollerá os resultados da avaliação final:

- ✓ Grado de consecución dos obxectivos xerais do centro.
- ✓ Detección de dificultades no desenvolvemento da PXA.
- ✓ Debate, elaboración das medidas correctivas e propostas de mellora.

Ademais, levarase a cabo unha avaliação das actividades realizadas, así como do funcionamento xeral do centro, por parte de toda a comunidade educativa. O obxectivo da mesma será detectar, tanto aspectos que se levaron a cabo de xeito satisfactorio como aqueles que deben ser revisados co fin de mellorar o centro.